CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2024/5
SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN DE PLENOS, xoves 9 de maio de 2024 -

No día da data, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:
PSdeG-PSOE
RAMON ABUÍN GÓMEZ
M. TERESA BATALLA ROMERO

BNG
XOAN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
ANGEL JAMARDO REY
M. SOLEDAD BOGA GRELA

Unidade Veciñal de Dodro
REBECA RIAL DIZ
XOAN XOSÉ VICENTE FRANCO

Xente de Dodro
VALENTIN ALFONSÍN SOMOZA
LUCIA YESICA VECINO RODRÍGUEZ
SERGIO JOSÉ BOGA GÓMEZ

SECRETARIA-INTERVENTORA:
SANDRA MARÍA GARCÍA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na
ORDE DO DÍA

A) Dación en conta:
1. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.
2. DACIÓN CONTA LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA EXERCICIO 2023
3. DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN ECONÓMICO-ORZAMENTARIA DO 1º TRIMESTRE 2024
4. DACIÓN EN CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

B) Deliberación e acordo:
5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO 01/2024 (EXPTE 2024/X999/000042)
6. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚMERO 152/2024 DE DATA 22/03/2024, RELATIVA Á APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN, ROIS E DODRO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (FORMACIÓN E APRENDIZAXE) NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA 2024-2025
7. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚMERO 149/2024 DE DATA 21/03/2024, CORRIXIDA POLA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 200/2024 DE DATA 29/04/2024, RELATIVA Á APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN, ROIS E DODRO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO 2024

B) Mocións:
8. MOCIÓN DE UNIDADE VECIÑAL DE DODRO DO PROXECTO ALTRI
9. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE O FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
10. MOCIÓN DO BNG DE POSTA EN MARCHA DA CASA DO REGADÍO
11. MOCIÓN DO PP DE APOIO Á IMPLANTACIÓN DA INICIATIVA EMPRESARIAL DE ALTRI
12. MOCIÓN DO PSdG PSOE DE UNRWA
13. MOCIÓN DO PP DE PROTOCOLO D ACTUACIÓN SOBRE O ACOSO
14. MOCIÓN UVD SOBRE SENDA PEONIL IGREXA DE LAÍÑO

D) Control do goberno:
15. ROGOS E PREGUNTAS
16. OUTROS MEDIOS DE CONTROL DO GOBERNO LEGALMENTE ESTABLECIDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

A) DACIÓN EN CONTA:

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Boas tarde, son as oito e vamos a iniciar o Pleno ordinario do mes de maio."*

1. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA

Procédese co primeiro punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"Exp.: 2024/G006/000181
Asunto: Resolucións da Alcaldía

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Dáse conta das resolucións que van desde o número 120/2024 ao 212/2024, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís."

Os concelleiros e concelleiras quedan informados das resolucións da alcaldía indicadas.

2. DACIÓN CONTA LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA EXERCICIO 2023

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"**Expediente:** 2024/G006/000183
Asunto: Dación conta aprobación liquidación do orzamento de 2023
Trámite: Proposta para o Pleno

Dáse conta ao Pleno Municipal da resolución da Alcaldía núm. 212/2024 de data 06/05/2024 de aprobación da liquidación do orzamento 2023 que se transcribe deseguido:

"EXPEDIENTE: 2024/T019/000001
RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA
Asunto: Liquidación Orzamento 2023

De conformidade coas atribucións conferidas a esta Alcaldía pola lexislación vixente artigo 21 lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, en aplicación dos artigos 191.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RDLex 2/2004 de 5 de marzo e artigo 90 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril de desenvolvemento da lei reguladora das facendas locais e demais normativa.

Visto o expediente de liquidación do Orzamento municipal do ano 2023, informado pola Intervención municipal o 6 de maio de 2024, no que respecta á propia liquidación, e na mesma data, no que respecta á comprobación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

En cumprimento do disposto no artigo 191 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RDLex 2/2004 de 5 de marzo,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Prestar aprobación á liquidación do orzamento do exercicio 2023 e, en consecuencia, aprobar:

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

RESULTADO ORZAMENTARIO EXERCICIO 2023

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. Operación correntes	2304699,87
b. Operacións de capital	297.727,35
1. Total operacións non financeiras (a+ b)	2.602.427,22
2. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	0,00
3. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	0,00
Total dereitos recoñecidos	**2.602.427,22**
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
a. Operacións corrientes	2.254.567,36
b. Operacións de capital	387.814,85
1. Total operacións non financeiras (a+ b)	2.642.382,21
2. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	0,00
3. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	0,00
Total obrigas recoñecidas	**2.642.382,21**
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	**-39.954,99**
AXUSTES	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	157.972,09
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	256.487,38
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	319.792,79
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	**54.711,69**

ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA

1. Fondos líquidos	**527.227,10**
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	**62.159,10**
2.a. Do orzamento corrente	35.391,52
2.b De orzamentos pechado	57.727,00
2.c De operacións non orzamentarias	157,96
2.d Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	31.117,38
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	**218.213,33**
3.a. Do orzamento corrente	117.463,56
3.b. De orzamentos pechados	15.425,93
3.c. De operacións non orzamentarias	85.323,84
3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva	0,00
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	**371172,87**
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	54.278,31
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	7.799,66

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	**309.094,90**
V. SALDO OBRIGAS PENDENTES APLICAR A PRESUPOSTO	0,00
VI. SALDO DE ACREDORES POR DEVOLUCIÓN DE INGRESOS	**0,00**
VII. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS AXUSTADO	**309.094,90**

SEGUNDO. Dar conta ao Pleno do Concello na primeira sesión que éste celebre de acordo con canto establecen os artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

TERCEIRO. Ordear a remisión da copia da devandita liquidación aos órganos competentes.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe.
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís.
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo, que da fe.”

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís.”

Os concelleiros e concelleiras quedan informados.

3. DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN ECONÓMICO-ORZAMENTARIA DO 1º TRIMESTRE 2024

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

“Expediente: 2024/G006/000164
Asunto: Dación conta remisión Informes económico-orzamentarios do 1º trimestre 2024
Trámite: Proposta para o Pleno

Dáse conta da remisión de información económico-orzamentaria a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais:

-Periodo Medio de Pago do 1º trimestre 2024 (enviado o 30/04/2024)
-Informe de execución trimestral do 1º trimestre 2024 (enviado o 30/04/2024)
-Información impositiva municipal exercicio 2024 (enviado o 30/04/2024)
-Liquidación exercicio 2023 (enviada o 30/04/2024)
-Información Salarial de Postos da Administración (enviado o 22/04/2024)

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís.”

O Pleno da Corporación queda informado.

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

4. DACIÓN EN CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" O alcalde quere dar en conta a este Pleno dos seguintes asuntos:*
Temos as seguintes licitacións abertas en plataforma. Digo porque como se preguntaron en plenos anteriores, para que todo o mundo o teña presente.
A subministración para luminarias do campo de Chenlo: Estamos na fase final de valoración de ofertas desproporcionadas, porque a, unha vez que se, o tempo que se pensa que se iba a tardar, aparecen as ofertas con baixas desproporcionadas e hai que tramitar os informes correspondentes e todo esto se demora.
Temos a contratación do servizo de organización e produción de eventos deportivos, para este ano 2004, que tivo por segunda vez, a primeira vez, a empresa que parecía que iba a resultar gañadora do concurso, non cumpriu as súas obrigacións en tempo e forma e tivemos que volver a sacalo e xa está a segunda. Estamos agora mesmo co requirimento de documentación á empresa que presentou a mellor oferta para adxudicar o contrato.
Estamos na subministración da furgoneta para os traballadores do concello para o servizo de obras, no requirimento a empresa que presentou a mellor oferta, está practicamente na fase final.
Estamos, na contratación do servizo de organización e desenvolvemento da Festa dos Maiores 2024, estamos na fase presentación de oferta.
A parte deso, temos as licitacións pendentes de abrir na Plataforma, que serían a as obras de :
Execución do Proxecto, camiño da Fonte de Santa Maria ao Santiaguiño.
Execución do Proxecto, pavimentación camiño da Marquesiña a Dodriño e outro.
Execución do Proxecto aceso a AC-305 en Imo.
Execución do Proxecto aceso a AC-305 a Castro, San Xoán e outro.
A parte deso, temos diante os procesos levados a cabo no anterior Pleno, dentro dos procesos de estabilización, asinar un contrato como persoal laboral fixo á educadora familiar, a animadora cultural, ó técnico deportivo e á auxiliar administrativo de servizos sociais, ademais, dous operarios de servizos múltiples, polo tanto hai un novo peón no departamento de obras.
Nas Bolsa de SAF, estamos no proceso de selección en marcha e o exame, está programado para o día 16 de maio.
A Bolsa de técnicos PIE, porque a bolsa antiga rematou, está enviado ao BOP as bases da convocatoria.
Na contratación do PEL Concellos, está para firmar os contratos os traballadores que xa foron, xa aprobaron, superaron o proceso de selección, os tres traballadores, firmarán os próximos días.
No APROL, ata o día 10, os candidatos teñen para presentar as instancias de solicitude de participación.
Ademais tamén, dicir que desde o mes de abril, dispoñemos dun novo, se firmou un convenio de colaboración co concello de Teo, para que un arquitecto estea traballando no concello de Dodro, a parte dun arquitecto técnico que estará atendendo as obras máis sencillas e atención ao público.

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Todo esto, ademais de decir tamén que en servizos sociais, dende o día 2 de abril, está constituído por dúas traballadoras sociais, unha auxiliar administrativa e unha educadora social, dende o día 2 de abril, a mesma que estaba aquí fai tempo.
Agora pasamos ao punto 5 do Pleno que serían os puntos de deliberación e acordo."

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO 01/2024 (EXPTE 2024/X999/000042)

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPEDIENTE: 2024/X999/000043
ASUNTO: RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO 1/2024
TRÁMITE: PROPOSTA A PLENO

Con data 14/02/2024 foi presentada solicitude de aboamento de gastos de locomoción por parte desta alcaldía, correspondente a gastos de locomoción producidos no exercicio 2023 e cuxo resumo é o seguinte:

	Kms e Importe	Aparcamento e Autoestrada	Totais
Alcalde	1.786 km x 0,26€ = 464,36 €	71,58 €	535,94 €

Foi emitido informe de reparo suspensivo por Secretaría-intervención indicando que *"O aboamento con cargo o exercicio 2024 vulnera, o principio de anualidade orzamentaria por tratarse de gastos do exercicio anterior e, polo tanto, considera quen subscribe que se trata dun suposto de inadecuación de crédito.*"

Mediante providencia da Alcaldía disponse *"Iniciar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 01/2024, para os gastos que a continuación se indican con cargo á aplicación orzamentaria do orzamento de 2023 prorrogado para 2024 que se sinala, significando unha minoración nos créditos específicos para gastos a realizar no exercicio 2024 que non perturba o normal funcionamento dos servizos vinculados ás áreas afectadas por esa minoración.*

	Aplicación orzamentaria	*Importe*
Gastos locomoción exercicio 2023	*912.23100*	*535,94 €"*

Con data 23/04/2024 emítese informe de Secretaría-intervención favorable á tramitación do recoñecemento extraxudicial de crédito.

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Considerando que o artigo 26.1 Real Decreto 500/90, indica que con cargo aos créditos do estado de gastos de cada Orzamento só poderán contraerse obrigacións derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que os gastos foron efectivamente realizados e que o aboamento solicitado correspóndese coas contías que veñen predeterminadas na normativa reguladora (Real Decreto 462/2002).
Considerando que o aboamento con cargo o exercicio 2024 vulnera, como se recolle no informe de Secretaría- intervención, o principio de anualidade orzamentaria, a imputación ao dito exercicio require do acordo plenario, a través do oportuno recoñecemento extraxudicial, tal e como se deriva do artigo 60.2 do citado Real Decreto 500/90.

Existindo no orzamento do exercicio 2023 prorrogado para 2024 crédito suficiente para facer fronte ás obrigas económicas anteditas, resultando necesaria a aprobación do mencionado gasto e tendo en conta que se trata de gastos correspondentes a exercicios pechados, PROPONSE AO PLENO a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

Primeiro: Aprobar, dispoñer e recoñecer a obriga polos gastos realizados por importe de 535,94 €, con cargo á aplicación orzamentaria 912.23100, na modalidade de recoñecemento extraxudicial de crédito, levantando o reparo formulado e ordenando o pagamento.

Segundo: Dar traslado á Tesourería municipal aos efectos oportunos.

Documento asinado dixitalmente,
O alcalde,
Francisco Xabier Castro Tourís.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Son gastos do ano 23 que se piden pagar no ano 24, tráese ao Pleno, como non pode ser de outra maneira, son gastos xerados por este que lles fala, polo alcalde qu presentou por diversos motivos, fora de prazo do ano 23, un escrito de resarcimento de gastos, como gastos de locomoción do exercicio 2023 por un importe total de 535,94€. Está a disposición., ou creo qu está a disposición de todos os concelleiros, os informes, e vou dar un turno a cada portavoz. Portavoz do partido Socialista de Galicia, por favor."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Boa tarde. Entendemos que é de recibo que o alcalde se vexa resarcido destes gastos que se lle consignaron en cumprimento das súas obrigas e en representación n do concello ante os organismos oficias, máis de cabe, en relación a algunha moción que se presenta neste Pleno e loxicamente, votaremos a favor."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, portavoz de*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Xente de Dodro."

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *" Bueno, os gastos son do 2023, non? Pois estamos no 2024, nada que dicir.*"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Gracias. Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Home, que a estas alturas o alcalde, presente fora d prazo e non sepa cando ten que presentar os seus gastos, parécenos un pouco fora de lugar. Se incumpre nas cousas que lle afectan a al directamente, non queremos pensar que fará co resto, nada máis que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Bueno, nós tamén o vamos a aprobar, pero bueno, chámanos atención que o alcalde de Dodro, fixera 1.786 km co seu coche. Tamén nos faltaría, aínda que sexa un detalle pormenorizado, osea, gustaríanos saber a onde foi o alcalde, se tubo algunha reunión, porque ... estes 1786km pudo ir vostede 10 veces á Deputación da Coruña, outras 10 veces á Xunta de Galicia e aínda lle sobrarían máis de 300 km. Nunha pregunta que fixemos nos últimos Plenos, vostede dixo que non fora a ningún sitio, que se reunira aquí no Concello, que fixera xestións telefónicas..., pero bueno, a nós, non estaría mal que nos dixera aquí no Pleno de forma verbal, ou incluíra na documentación que viaxes se fixeron, porque a verdade, nós tamén saímos, cando estivemos no goberno tamén saímos, usamos o coche oficial, entre comillas e saímos nel. Presentamos gastos tamén neste último ano, presentamos gastos do 2023 ao redor de 20 € da autopista. Pero bueno, temos un coche oficial que tamén se pode usar, non sei porque temos que usar o coche do alcalde. Nos mesmos usámolo sempre que saímos con varias reunións que tivemos Xunta máis Deputación, saímos con ese coche e non nos pasou nada e soamente presentamos os gastos de autopista e gastos de parking. Tamén nos chama a atención que soamente o alcalde presente esos gastos. Os outros dous concelleiros, logo non van a reunións?, ou van no coche oficial e o alcalde vai co del?, tamén nos gustaría que nos explicara como vai o tema ese. De todas formas, nós imos a aprobar, deso non cabe dúbida."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *" Boas tardes, nós imos tamén a aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito. Entendemos que se cumpriu o quilometraxe para o servizo das veciñas e veciños de Dodro, e bueno, que de aquí en diante non se pasen os prazos e que sempre, estos quilómetros, os que aparecen aquí ou os que veñan, que redunden realmente nos beneficios á veciñanza de Dodro, é o que lle pide o BNG de*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Dodro."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno pois eu, agradezo a confianza á xente que dixo que vai apoiar o abono deste gasto, vámolo a ver agora na votación. En todo caso, desculparme, porque, efectivamente era a miña intención que aparecese na documentación que teñen os concelleiros, o escrito que onde eu presentaba numero de viaxes, pero en todo caso, quedan emprazados todos os portavoces a que suban polo meu despacho e llo ensinarei sen ningún problema, é máis, non sei se con eso serve, se non na próxima documentación do Pleno, non se preocupe, que non volverá a suceder. En todo caso, xa digo , os 1786 quilómetros, da para 8,93 viaxes á Coruña, que tampouco son tantos, bueno, outros máis non foron co coche do alcalde, que foron co coche do Concello e entonces, por iso non están aquí, como vostede moi ben dixo. Eu en todo caso, se quere que lle pase un listado de todas as miñas saídas, pois intentarei apuntalas e dicirllas, pero bueno, fáiseme complicado. En todo caso, se lles parece imos a proceder á votación."*

Procédese á votación.

Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 5
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

6. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚMERO 152/2024 DE DATA 22/03/2024, RELATIVA Á APROBACIÓN DO CONVENIO DE

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN, ROIS E DODRO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (FORMACIÓN E APRENDIZAXE) NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA 2024-2025

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPEDIENTE: 2024/A006/000007 (relacionado co expediente 2024/A008/0000022)
ASUNTO: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN, ROIS E DODRO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (FORMACIÓN E APRENDIZAXE) NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA 2024-2025
TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA A RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚMERO 152/2024 DE DATA 22/03/2024

Logo de ver a Resolución da Alcaldía núm. 152/2024 de data 22/03/2024 pola que se aproba o texto do convenio de colaboración a subscribir polos representantes dos concellos de Padrón, Rois e Dodro para a posta en marcha do proxecto denominado *"Xuventude Terras de Iria 2024" (Dodro Padrón Rois)"*, ao abeiro da mencionada Orde do 7 de febreiro de 2024 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (DOG núm. 39, do 23 de febreiro de 2024).

Considerando o punto sétimo da mencionada resolución *"**Sétimo**.- Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación."* Propoño ao pleno a ratificación do presente ACORDO:

PRIMEIRO.- Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 211/2023 de data 24/05/2023, que se transcribe como anexo.

SEGUNDO.- Dar traslado ao Concello de Rois.

Documento asinado electronicamente
O alcalde
Francisco Xabier Castro Tourís

ANEXO

*"**EXPEDIENTE**: 2024/A006/000007 (relacionado co expediente 2024/A008/0000022)*
***ASUNTO**: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

CONCELLOS DE PADRÓN, ROIS E DODRO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (FORMACIÓN E APRENDIZAXE) NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA 2024-2025

***TRÁMITE**: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA*

Logo de ver a Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 e 2025 (código de procedemento TR353B), cofinanciada polo Fondo Europeo Plus no marco do Programa FSE Galicia 2021-2027. (DOG núm. 39, do 23 de febreiro de 2024)

Logo de ver os requisitos esixidos na devandita Orde e visto que o seu artigo terceiro sinala ás entidades locais como entidades promotoras de programas de emprego beneficiarias da subvención.
Logo de ver o texto do Convenio de colaboración entre concellos de Padrón, Rois e Dodro para a xestión de servizos compartidos ao abeiro de convocatoria de subvencións para o servizo compartido, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do proxecto de obradoiro de emprego co fin de participar na convocatoria da mencionada subvención.

Logo de ver o informe de secretaría-intervención do 22/03/2024 que consta no expediente, previa solicitude mediante providencia da alcaldía do 22/03/2024 e considerando que ningunha outra administración está a desempeñar a competencia en materia de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no Concello de Dodro, e que ao abeiro do disposto no artigo 22.2 p) en relación co 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, o órgano competente é o Pleno da Corporación.
Sen prexuízo de someter a ratificación plenaria esta actuación en atención ao previsto no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, pero tendo en conta que o prazo para a solicitude de subvención finaliza o 9 de marzo de 2022 e en atención as competencias atribuídas ao Alcalde nos apartados d) e s) do artigo 21.1 da mesma Lei,

RESOLVO

***Primeiro**.- Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir polos representantes dos concellos de Padrón, Rois e Dodro para a posta en marcha do proxecto denominado "Xuventude Terras de Iria 2024 (Dodro Padrón Rois)", ao abeiro da mencionada Orde do 7 de febreiro de 2024 (DOG núm. 39, do 23 de febreiro de 2024), tendo en conta o texto que se transcribe como ANEXO.*

***Segundo**.- Designar ao alcalde do Concello de Rois, don Ramón Tojo Lens, para*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

todos os actos relacionados coa presente solicitude de subvención.

***Terceiro**.- Aprobar o proxecto conxunto "Xuventude Terras de Iria 2024 (Dodro Padrón e Rois)" para o seu financiamento con cargo á Orde do 7 de febreiro de 2024 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (DOG núm. 39, do 23 de febreiro de 2024).*

***Cuarto**.- Aprobar a solicitude de subvención á Xefatura Territorial da Consellaría de Promoción do Emprego e Igualdade da Coruña para o proxecto denominado "Xuventude Terras de Iria 2024 (Dodro Padrón e Rois)", ao abeiro da Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 e 2025 (código de procedemento TR353B), cofinanciada polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE Galicia 2021-2027 (DOG núm. 39, do 23 de febreiro de 2024), coas seguintes características:*

1 - Especialidades solicitadas: TRATAMENTO E MAQUETACIÓN DE ELEMENTOS GRÁFICOS EN PREIMPRESIÓN (rd 1520/2022, de 31 de outubro)

2 - Nº de alumnos por especialidade: 15

3 - Duración: 12 meses

***Quinto**.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 7 de febreiro de 2024 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (DOG núm. 39, do 23 de febreiro de 2024).*

***Sexto**.- Comprometerse a efectuar a achega económica de 500,00 € do Concello de Dodro ao financiamento do proxecto "Xuventude Terras de Iria 2024 (Dodro Padrón e Rois)", para os gastos que non sexan subvencionados pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.*

***Sétimo**.- Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación.*

***Oitavo**.- Dar traslado da presente resolución ao Concello de Rois.*

***Noveno**.- Dar Conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL.*

Documento asinado electronicamente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ANEXO

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE CONCELLOS PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DE CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS: PARA O SERVIZO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROXECTO DE OBRADOIROS DE EMPREGO CO FIN DE PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DA SEGUINTE SUBVENCIÓN:

Bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 e 2025

REUNIDOS:

Os Sres. Alcaldes dos seguintes concellos:

CONCELLO DE PADRÓN

CONCELLO DE ROIS

CONCELLO DE DODRO

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local e o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

E X P O Ñ E N :

1.- Que o actual escenario financeiro e a situación de crise económica para os concellos e en particular para os concellos de Galicia precisa a búsqueda de solucións que permitan prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade, posibilitando a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a través da convocatoria de subvencións para a realización, por parte dos concellos de Padrón, Rois e Dodro, de obradoiros duais de emprego.

2.- Que os Concellos son competentes para promover, prestar e xestionar actividades e nos termos establecidos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecendo esta última que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderán promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

3.- A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación e adquisición como de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, co fin de poder prestar aos veciños uns servizos de calidade.

4.- Que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ten convocada a Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantira xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para os anos 2024 e 2025 cofinanciadas poa Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027.

5.- Coa finalidade de poñer en marcha a actuación prevista e dar cumprimento aos requisitos esixidos pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade os concellos deben cumprir todos os requisitos recollidos na Orde de convocatoria (artigo 3.2) en concreto o seguintes:

"As entidades promotoras deberán ser competentes para a execución das correspondentes obras e servizos e dispoñer da capacidade técnica e de xestión suficiente para a realización dos proxectos"
6.- A competencia enténdese atribuída aos 3 Municipios de acordo ao disposto no artigo 3.3.d) da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración, que di que non se entenderá como exercicio de novas competencias "a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención."

7.- O contido mínimo destes instrumentos de colaboración entre administracións está previsto no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, como son os órganos que o celebran, a competencia, o seu financiamento, as actuacións a desenvolver, o prazo de vixencia, causas de extincións, etc.

Os acordos que se subscriban non suporán alteración das competencias atribuídas ós órganos administrativos nin de responsabilidades que correspondan ás autoridades e funcionarios relativas ó funcionamento dos servizos públicos.

8.- A achega económica que de xeito individualizado tería que facer cada Concello, así como os outros medios necesarios para levar a efecto a actuación e

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

a correspondente xestión posterior resultarían antieconómicas e moi gravosas, tanto para os intereses dos municipios afectados, como para a propia Consellería, pois terían que financiarse tantas actuacións como municipios para acadar o mesmo fin, polo que resulta máis eficiente empregar infraestruturas comúns.

9.- Por outra banda, os concellos asinantes carecen de medios financeiros suficientes para executar a actuación e para unha maior eficacia administrativa e en areas dos principios de cooperación, colaboración e asistencia que deben presidir as relacións interadministrativas, as partes acordan proceder ao desenvolvemento da actuación conxunta denominada Obradoiro de Garantía Xuvenil Xuventude Terras de Iria 2024 (Dodro Padrón Rois) polo que tódalas partes asinantes deste documento estiman conveniente para os intereses públicos presentar un proxecto conxunto para o seu financiamento con cargo a Orde do 7 de febreiro de 2024, que terá por obxecto a posta en funcionamento do Obradoiro de Garantía Xuvenil Xuventude Terras de Iria 2024 (Dodro Padrón Rois).

Por todo o anterior, e co obxecto de acadar o fin proposto, os concellos comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes:

CLÁUSULAS:

***Primeira.- Obxecto**.*

Ao amparo do establecido no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e a Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade do 7 de febreiro de 2024, co obxecto de presentar un proxecto conxunto para o seu financiamento con cargo a esta orde os concellos de Padrón, Rois e Dodro acordan solicitar un proxecto conxunto, denominado Obradoiro de Garantía Xuvenil Xuventude Terras de Iria 2024 (Dodro Padrón Rois) que terá por obxecto a formación das persoas desempregadas que resulten seleccionadas en dúas especialidades:

- Tratamento e maquetación de elementos gráficos en preimpresión (RD1520/2011 de 31 de outubro)

Acordando os concellos asinantes do presente convenio designar como representante e aos efectos de presentación da solicitude, tramitación dos expediente de contratación e selección de persoal que resulten necesarios, xustificación do proxecto e demais obrigas impostas polas normas reguladoras ao Concello de Rois. Con tal fin, os municipios asociados efectuarán a favor do representante os pertinentes acordos de delegación para a realización das actuacións obxecto deste convenio.

Segunda.- Finalidade.

O presente acordo ten por finalidade establecer o réxime de organización e

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

funcionamento asociado do Obradoiro de Garantía Xuventude Terras de Iria 2024 (Dodro Padrón Rois).

Terceira.- Principios básicos da actuación.

A realización das actuacións asociadas ao abeiro do proxecto denominado Obradoiro de Garantía Xuventude Terras de Iria 2024 (Dodro Padrón Rois) baséase nos principios de eficacia, eficiencia, colaboración e boa administración, e ten como finalidade acadar os seguintes obxectivos:

- *Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada.*

- *Proceder a unha distribución efectiva dos recursos dispoñibles para dar resposta as necesidades da poboación mediante unha adecuada planificación previa.*

- *Minorar custos individuais en favor dos colectivos.*

Cuarta.- Ámbito de aplicación.

O ámbito territorial da prestación asociada do Obradoiro de garantía Xuventude Terras de Iria 2024 (Dodro Padrón Rois) é a totalidade dos termos municipais de Padrón, Rois e Dodro.

Quinta.- Sede do servizo.

A sede do obradoiro de emprego será compartida polos tres concellos.

Sexta.- Coordinación do servizo.

A coordinación asociado do obradoiro de garantía Xuventude Terras de Iria 2024 (Dodro Padrón Rois), corresponde os Concellos de Padrón, Rois e Dodro.

Sétima.- Dirección do Servizo.

A dirección política e administrativa do obradoiro de emprego corresponderá aos Alcaldes de Padrón, Dodro e Rois que asumirán conxuntamente a xefatura do mesmo.

Oitava.- Xestión administrativa do servizo.

A xestión administrativa será desenvolta polo concello de Rois, referíndose esta a todo o relacionado co persoal, contratación administrativa, xestión de axudas, xestión ordinaria, etc. sen que elo supoña menoscabo das competencias de cada Alcalde.

Poderase realizar un regulamento de réxime interno de funcionamento.

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Novena.- Obrigas normativas.

Os concellos deberán modificar ou aprobar, no seu caso, as ordenanzas e regulamentos que poidan afectar ao funcionamento do servizo previa aprobación pola comisión de seguimento.

Décima.- Medios materiais, patrimoniais e persoais do servizo.

Os concellos de Padrón, Rois e Dodro poñerán todos os medios materiais, patrimoniais e persoais necesarios para levar a cabo o obradoiro de garantía Xuventude Terras de Iria 2024 (Dodro Padrón Rois).

Décimo primeira.- Financiamento do servizo.

O servizo será financiado pola subvención que no seu día se conceda pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ao abeiro das Bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 e 2025, e as achegas que realicen os Concellos que se concretan no seguinte:

Concello de Dodro: 500
Concello de Padrón: 1500€
Concello de Rois: 3000€

Décimo segunda.- Comisión de Seguimento.

Para o desenvolvemento do presente acordo constitúese unha comisión de seguimento para o seguimento das obrigas que adoptará as medidas oportunas, da que formarán parte o Alcalde e outro representante de cada concello.

Décimo terceira.- Vixencia.

O presente acordo estará vixente a partir da data da sinatura do mesmo ata a finalización do proxecto do Xuventude Terras de Iria 2024 (Dodro Padrón Rois), no caso de ser concedido pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Décimo cuarta.- Resolución.

Será motivo de rescisión do presente convenio calquera das seguintes causas:
1. Por finalizar o período de duración establecido no convenio ou calquera das súas prórrogas.
2. O mutuo acordo entre ambas as dúas partes.
3. A non concesión da axuda para a posta en marcha do servizo.

Décima quinta.- Xurisdición competente.

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Os conflitos que se susciten no desenvolvemento deste convenio, serán coñecidos pola comisión de seguimento que se menciona na cláusula décimo segunda; no caso de que non se chegue a acordo, as discrepancias litixiosas sustanciaranse na orde xurisdicional contencioso-administrativo.

En proba de conformidade e para a debida constancia asínase o presente convenio na data da sinatura dixital.

O alcalde de Rois *O alcalde de Dodro* *O alcalde de Padrón*

Ramón Tojo Lens *Xabier Castro Tourís* *Anxo Rei Arca"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esto é un Convenio de colaboracións que se asina cos concellos de, creo que Padrón, Rois e nós, de obradoiro de emprego xuvenil, que como todos anos anos, nos volvemos a añadir, hai veciños de Dodro neste obradoiro, e entendo que debería ser aprobado, en todo caso, doulle un turno de palabra a cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *" Primeiro, creo que hai un erro aquí nunha data, na exposición de motivos, que finaliza a solicitude da subvención o 09 de marzo de 2022, creo que se refire a 2024, antes do resolvo, no último parágrafo antes do resolvo pon, ses prexuízo de someter á ratificación... Bueno, este convenio de colaboración entre os concellos de Padrón, Rois e Dodro como dixo o alcalde, vai na liña de colaboración dos outros anos, e neste sentido, vai dirixido ás persoas mozas, para a formación e a aprendizaxe no tratamento e maquetación de elementos gráficos e de impresión. Tamén indicar que , designouse ao alcalde de Rois, para que sexa o encargado de relacionarse cos administración e ca solicitude desta subvención, loxicamente o PSdG- PSOE, o grupo municipal, vai a ratificar esta resolución."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, portavoz da agrupación Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Estamos de acordo, hai que imos a apoiar"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *" Si nós tamén estamos de acordo. Eu o que me pregunto é que pasaría se non se aprobara, se non estivéramos de acordo. Eu creo que esto deberías falar coa*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

xente. Imaxinade que lle tedes que dicir a xente de Padrón e Rois, que o aprobaremos sse o aproban no Pleno, porque claro, vostedes non teñen maioría absoluta, imaxino que con alguén falarían para intentar aprobalo. Evidentemente nós imos a probalo, pero pregúntome eso, xaq non é a primeira vez que pasa."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego.*"

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"O BNG de Dodro tamén o vai a aprobar, sempre dicimos en este tipo de convenios de colaboración, que o ideal sería en este caso, que a garantía xuvenil que di aquí, que fora garantida desde o sistema educativo e posterior tamén levado a cabo con outro tipo de convenios con empresas, pensamos que é desde as institucións, esas que debería evitar traer aquí aos Plenos, este tipo de Convenios de Colaboración.*"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas a todos, dicirlle ao portavoz de Unidade veciñal, que si, que nosa entendemos esto, que normalmente neste caso, quen tramita neste caso é como vostede sabe, é o concello de Rois e nos pide generalmente que colaboremos co concello de Rois a última hora e ademais estamos valorando, posiblemente é necesario convocar un Pleno, cada vez que nos pida outro Concello esta convocatoria, se vostedes teñen sobre a colaboración aou non, e facemos un Pleno urxente, que se pode facer, extraordinario, e xa víamos no Pleno, que opina cada un sobre o tema.*"

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Unha comisión informativa.*"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A decisión é do Pleno. Vamos a proceder á votación do punto 6 da orde do día.*"

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

7. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚMERO 149/2024 DE DATA 21/03/2024, CORRIXIDA POLA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 200/2024 DE DATA 29/04/2024, RELATIVA Á APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN, ROIS E DODRO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO 2024

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPEDIENTE: 2024/A006/000006 (relacionado co expediente 2024/A008/0000021)
ASUNTO: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN, ROIS E DODRO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO 2024
TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA A RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚMERO 149/2024 DE DATA 21/03/2024, CORRIXIDA POLA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 200/2024 DE DATA 29/04/2024

Logo de ver a Resolución da Alcaldía núm. 149/2024 de data 21/03/2024, corrixida pola Resolución da Alcaldía núm. 200/2024 de data 29/04/2024, na que se aproba o convenio de colaboración entre os concellos de Padrón, Rois e Dodro para a xestión de servizos compartidos ao abeiro da convocatoria de subvencións para obradoiros duais de emprego 2024.

Considerando o punto oitavo da mencionada resolución "***Oitavo**.- Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación.*" Propoño ao pleno a ratificación do presente ACORDO:

PRIMEIRO.- Ratificar a Resolución da Alcaldía Núm. 149/2024 de data 21/03/2024, corrixida pola Resolución da Alcaldía núm. 200/2024 de data 29/04/2024, que a se transcribe como anexo.

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

SEGUNDO.- Dar traslado ao Concello de Padrón.

Documento asinado electronicamente
O alcalde
Francisco Xabier Castro Tourís

ANEXO

*"**EXPEDIENTE**: 2024/A006/000006 (relacionado co expediente 2024/A008/0000021)*
***ASUNTO**: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN, ROIS E DODRO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO 2024*
***TRÁMITE**: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA*

Logo de ver a Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (DOG nº 38, do 22 de febreiro de 2024)

O artigo 3 da Orde do 7 de febreiro de 2024 sinala que os proxectos duais de emprego poden ser promovidos polos concellos e que poderán concorrer agrupacións de concellos como entidades promotoras beneficiarias da subvención.

Logo de ver o texto do Convenio de colaboración entre concellos de Padrón, Rois e Dodro para a xestión de servizos compartidos ao abeiro de convocatoria de subvencións para o servizo compartido, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do proxecto de obradoiros duais de emprego co fin de participar na convocatoria da mencionada subvención.

Logo de ver o informe de secretaría-intervención número 51 do 21/03/2024 que consta no expediente, previa solicitude mediante providencia da alcaldía do 21/03/2024 e considerando que ningunha outra administración está a desempeñar a competencia en materia de obradoiros duais de emprego no Concello de Dodro, e que ao abeiro do disposto no artigo 22.2 p) en relación co 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, o órgano competente é o Pleno da Corporación.

Sen prexuízo de someter a ratificación plenaria esta actuación en atención ao previsto no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, pero tendo en conta que o prazo para a solicitude de subvención finaliza o 5 de xuño de 2023 e en atención as competencias atribuídas ao Alcalde nos apartados d) e s) do artigo 21.1 da mesma Lei,

***RESOLVO**:*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

***Primeiro**.- Aprobar o Convenio de colaboración entre os Concellos de Dodro, Padrón e Rois para a xestión compartida do **Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2024**, tendo en conta o texto que se transcribe como ANEXO.*

***Segundo**.- Designar ao alcalde do Concello de Padrón como representante da agrupación ante a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.*

***Terceiro**.- Aprobar o proxecto do Obradoiro de Emprego dos concellos de Dodro, Padrón e Rois denominado: **Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2024**.*

***Cuarto**.- Aprobar a solicitude de subvención, conxuntamente cos concellos de Rois e Padrón, á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (Xefatura Territorial de A Coruña), para o financiamento do **Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2024**, ao abeiro da Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (DOG nº 38, do 22 de febreiro de 2024), coas seguintes características:*

Especialidades solicitadas:

- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio: CÓDIGO: SSCS0108

- Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización: CÓDIGO: EOCB0209

Nº de alumnos por especialidade: 10

Duración: 9 meses.

Valoración económica solicitada á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade: 411.928,00€

***Quinto**.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na a Orde do 7 de febreiro de 2024 da Consellería de promoción do Emprego e Igualdade.*

***Sexto**.- Comprometerse a achega económica de 1.000,00 € do Concello de Dodro ao financiamento do proxecto do Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2024, para os gastos que non sexan subvencionados pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.*

***Sétimo**.- Comprometerse a financiar as actuacións contempladas nas memorias que a continuación se detallan, na parte que non sexa subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, no caso de ser aprobada a*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

especialidade de Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización: EOCB0209:

- MEMORIA DE OBRADOIRO EMPREGO: ACTUACIÓNS DODRO 2024, do 20 de marzo de 2024, redactada por Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canais e portos de Estudio Técnico Galego SA, actuación PAVIMENTACIÓN PRAZA LESTROVE.

- MEMORIA DE OBRADOIRO EMPREGO, do 21 de marzo de 2024, redactada por José Isidro López Yáñez, arquitecto de Estudio Técnico Galego SA, actuación de REVESTIMENTO INTERIORES NA CASA DO CONCELLO DE DODRO.

***Oitavo**.- Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación.*

***Noveno**.- Dar traslado da presente resolución ao Concello de Padrón.*

***Décimo**.- Dar Conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL*

Documento asinado dixitalmente
O alcalde en funcións, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE CONCELLOS PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS COMPARTIDOS AO ABEIRO DE CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS:

CONCELLO DE PADRÓN
CONCELLO DE ROIS
CONCELLO DE DODRO

PARA O SERVIZO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROXECTO DUN OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO CO FIN DE PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DA SEGUINTE SUBVENCIÓN:

Bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

REUNIDOS:

Os Sres. Alcaldes dos seguintes concellos:

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

CONCELLO DE PADRÓN
CONCELLO DE ROIS
CONCELLO DE DODRO

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local e o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

E X P O Ñ E N :

1.- Que o actual escenario financieiro e a situación de crise económica para os concellos e en particular para os concellos de Galicia precisa a búsqueda de solucións que permitan prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade, posibilitando a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a través da convocatoria de subvencións para a realización, por parte dos concellos de Padrón, Rois e Dodro, de obradoiros duais de emprego.

2.- Que os Concellos son competentes para promover, prestar e xestionar actividades e nos termos establecidos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecendo esta última que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderán promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

3.- A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación e adquisición como de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, co fin de poder prestar aos veciños uns servizos de calidade.

4.- Que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ten convocada a Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, figurando entre as actuacións a formalización dun convenio de colaboración cos Concellos en base ao artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia que establece "Os municipios, independentemente ou asociados, prestarán (...) servizos."

5.- Coa finalidade de poñer en marcha a actuación prevista e dar cumprimento aos requisitos esixidos pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade os concellos deben cumprir todos os requisitos recollidos na Orde de convocatoria (artigo 3.2) en concreto o seguintes:
"As entidades promotoras deberán ser competentes para a execución das

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

correspondentes obras e servizos e dispoñer da capacidade técnica e de xestión suficiente para a realización dos proxectos"
6.- A competencia enténdese atribuída aos 3 Municipios de acordo ao diposto no artigo 3.3.d) da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración, que di que non se entenderá como exercicio de novas competencias "a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención."

7.- O contido mínimo destes instrumentos de colaboración entre administracións está previsto no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, como son os órganos que o celebran, a competencia, o seu financiamento, as actuacións a desenvolver, o prazo de vixencia, causas de extincións, etc.

Os acordos que se subscriban non suporán alteración das competencias atribuídas ós órganos administrativos nin de responsabilidades que correspondan ás autoridades e funcionarios relativas ó funcionamento dos servizos públicos.

8.- A achega económica que de xeito individualizado tería que facer cada Concello, así como os outros medios necesarios para levar a efecto a actuación e a correspondente xestión posterior resultarían antieconómicas e moi gravosas, tanto para os intereses dos municipios afectados, como para a propia Consellería, pois terían que financiarse tantas actuacións como municipios para acadar o mesmo fin, polo que resulta máis eficiente empregar infraestruturas comúns.

9.- Por outra banda, os concellos asinantes carecen de medios financeiros suficientes para executar a actuación e para unha maior eficacia administrativa e en areas dos principios de cooperación, colaboración e asistencia que deben presidir as relacións interadministrativas, as partes acordan proceder ao desenvolvemento da actuación conxunta seguinte ***Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2024,*** *polo que tódalas partes asinantes deste documento estiman conveniente para os intereses públicos presentar un proxecto conxunto para o seu financiamento con cargo a Orde do 7 de febreiro de 2024, que terá por obxecto a posta en funcionamento do* ***Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2024.***

Por todo o anterior, e co obxecto de acadar o fin proposto, os concellos comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes:

CLÁUSULAS:

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Primeira.- Obxecto.

Ao amparo do establecido no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e a Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade do 7 de febreiro de 2024, co obxecto de presentar un proxecto conxunto para o seu financiamento con cargo a esta orde os concellos de Padrón, Rois e Dodro acordan solicitar un proxecto conxunto, denominado ***Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2024*** *que terá por obxecto a formación das persoas desempregadas que resulten seleccionadas en dúas especialidades:*

- ***Atención sociosanitaria a persoas no domicilio: SSCS0108***

- ***Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización: EOCB0209***

Acordando os concellos asinantes do presente convenio designar como representante e aos efectos de presentación da solicitude, tramitación dos expediente de contratación e selección de persoal que resulten necesarios, xustificación do proxecto e demais obrigas impostas polas normas reguladoras ao Concello de Padrón. Con tal fin, os municipios asociados efectuarán a favor do representante os pertinentes acordos de delegación para a realización das actuacións obxecto deste convenio.

Segunda.- Finalidade.

O presente acordo ten por finalidade establecer o réxime de organización e funcionamento asociado do ***Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2024.***

Terceira.- Principios básicos da actuación.

A realización das actuacións asociadas ao abeiro do proxecto denominado ***Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2024*** *baséase nos principios de eficacia, eficiencia, colaboración e boa administración, e ten como finalidade acadar os seguintes obxectivos:*

- *Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada.*

- *Proceder a unha distribución efectiva dos recursos dispoñibles para dar resposta as necesidades da poboación mediante unha adecuada planificación previa.*

- *Minorar custos individuais en favor dos colectivos.*

Cuarta.- Ámbito de aplicación.

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*O ámbito territorial da prestación asociada do **Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2024** é a totalidade dos termos municipais de Padrón, Rois e Dodro.*

Quinta.- Sede do servizo.

A sede do obradoiro de emprego será compartida polos tres concellos.

Sexta.- Coordinación do servizo.

*A coordinación asociado do **Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2024**, corresponde os Concellos de Padrón, Rois e Dodro.*

Sétima.- Dirección do Servizo.

A dirección política e administrativa do obradoiro de emprego corresponderá aos Alcaldes de Padrón, Dodro e Rois que asumirán conxuntamente a xefatura do mesmo.

Oitava.- Xestión administrativa do servizo.

A xestión administrativa será desenvolta polo concello de Padrón, referíndose esta a todo o relacionado co persoal, contratación administrativa, xestión de axudas, xestión ordinaria, etc. sen que elo supoña menoscabo das competencias de cada Alcalde.

Poderase realizar un regulamento de réxime interno de funcionamento.

Novena.- Obrigas normativas.

Os concellos deberán modificar ou aprobar, no seu caso, as ordenanzas e regulamentos que poidan afectar ao funcionamento do servizo previa aprobación pola comisión de seguimento.

Décima.- Medios materiais, patrimoniais e persoais do servizo.

*Os concellos de Padrón, Rois e Dodro poñerán todos os medios materiais, patrimoniais e persoais necesarios para levar a cabo o **Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2024.***

Décimo primeira.- Financiamento do servizo.

O servizo será financiado pola subvención que no seu día se conceda pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ao abeiro da Orde do 7 de febreiro de 2024 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (Código de procedemento TR353A), e as achegas

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

que realicen os Concellos que se concretan no seguinte:

Concello de Padrón
Disponibilidade de locais para o desenvolvemento das actuacións e medios materiais, valorados en 14.000,00 euros
Achega económica de 3.500 €

Concello de Rois
Achega económica de 2.000 €

Concello de Dodro
Achega económica de 1.000 €

Décimo segunda.- Comisión de Seguimento.

Para o desenvolvemento do presente acordo constitúese unha comisión de seguimento para o seguimento das obrigas que adoptará as medidas oportunas, da que formarán parte o Alcalde e outro representante de cada concello.

Décimo terceira.- Vixencia.

O presente acordo estará vixente a partir da data da sinatura do mesmo ata a finalización do proxecto do ***Obradoiro dual de emprego Comarca do Sar 2024****, no caso de ser concedido pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.*

Décimo cuarta.- Resolución.

Será motivo de rescisión do presente convenio calquera das seguintes causas:

1. Por finalizar o período de duración establecido no convenio ou calquera das súas prórrogas.
2. O mutuo acordo entre ambas as dúas partes.
3. A non concesión da axuda para a posta en marcha do servizo.

Décima quinta.- Xurisdicción competente.

Os conflitos que se susciten no desenvolvemento deste convenio, serán coñecidos pola comisión de seguimento que se menciona na cláusula décimo segunda; no caso de que non se chegue a acordo, as discrepancias litixiosas sustanciaranse na orde xurisdicional contencioso-administrativo.
En proba de conformidade e para a debida constancia asínase o presente convenio na data da sinatura dixital.

O alcalde de Rois	***O alcalde de Padrón***	***O alcalde de Dodro"***
Ramón Tojo Lens	***Anxo Rei Arca***	***Francisco Xabier Castro Tourís”***

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esto é basicamente o mesmo, pero é o Obradoiro dual de emprego, esto lévao o Concello de Padrón e bueno, pois tamén ven de varios anos e é basicamente o mismo. O Concello de Dodro adhírese a esto, polo menos o alcalde ten a intención de que o Concello de Dodro se adhira, dito así máis claramente, gustaríame ter a aprobación do Pleno porque non nos ven nada mal. Portavoz do Partido Socialista"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Ao igual que o anterior, este é para a xestión de servizos compartidos do obradoiros duais de emprego, como son Atención socio sanitaria a persoas nos domicilios e Operación auxiliares de acabados ríxidos e urbanización, e o representante, como ben dixeches, é o alcalde de Padrón. Vamos a ratificalo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"O mesmo de antes, todo o que sea formación e emprego para os veciños de Dodro, imos a apoiar."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*" Gracias. Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *" A Unidade Veciñal tamén o vai a aprobar, soamente que esperamos que teñamos sorte ou que teñan sorte os alumnos e lle toque facer algunha actividade no concello de Dodro, porque en fin, o que estean facendo ata agora, todos teñen sorte, todos os concellos menos o concello de Dodro, entonces imos a aprobalo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas, portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Nós no mesmo sentido que no anterior punto, tamén imos a apoiar os obradoiros duais de emprego, que debería , ao noso parecer, de estar, digamos dirixidos desde as consellerías respectivas e non ter que vir a distintos Plenos para repartir isto e por suposto, que redundara o máis posible, se non en Dodro, na Comarca para o alumnado."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas, imos a proceder á votación."*

Procédese á votación.

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 3
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

B) MOCIÓNS
8. MOCIÓN DE UNIDADE VECIÑAL DE DODRO DO PROXECTO ALTRI

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

“Rebeca Rial Diz, e Xoán Xosé Vicente Franco como concelleiras da Unidade Veciñal de Dodro na corporación municipal do concello de Dodro, someten a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Ante o anuncio do 20 de febreiro de 2024, da Secretaría Xeral de Industria, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada, o estudo de impacto ambiental, a declaración de utilidade pública e o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, promovido por Greenfiber, S.L. Participado pola multinacional ALTRI e declarado proxecto industrial estratéxico

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 29 de decembro de 2022, que se vai implantar no concello de Palas de Rei.

Con este proxecto resultarán gravemente afectados o patrimonio cultural e natural da comarca da Ulloa e a totalidade do curso do río Ulla. Así mesmo afectará ás augas e á atmosfera, ó envelenar con elevadas cantidade de compostos químicos o río Ulla e emitir gases contaminantes que por acumulación estragarían cultivos e afectarían directamente a saúde das persoas e da terra. A implantación desta fábrica repercutirá dun xeito negativo sobre o tecido socioeconómico da zona, sumando desvalorización das terras e consolidando o despoboamento.

Preténdese instalar dúas factorías: unha para elaborar 400.000 T/ano de CELULOSA solúbel, e outra que transformaría a celulosa solúbel en fibra téxtil LYOCELL, unhas 200.000 T/ano, a so 2 km do Camiño de Santiago. Polas verteduras que se estiman no proxecto, e debido ó estado do encoro de Portodemouros (a 1,5 km do punto de verquido), será unha industria contaminante de augas, e a súa fabricación requirirá grandes cantidades de auga, enerxía e eucaliptos, ademais da cantidade de tráfico rodado que virá asociado có transporte da madeira e do produto.

O proxecto ocupará 360 ha, destruíndo hábitats de altísimo valor ecolóxico, incluídos na proposta de ampliación da Rede Natura, con poboacións de especies protexidas.
A eucaliptización será a nova paisaxe da zona centro de Galicia, xa que se precisa dunhas 60.000 ha de eucalipto (4000 ha/ano x 15 anos que tardar de promedio en medrar). Estas árbores consumen unha elevada cantidade de auga (20 veces máis que carballos ou castiñeiros) e son especies pirófitas, razón suficiente para a prohibición das novas plantacións en Portugal, despois dos gravísimos incendios forestais do 2017 onde perderon a vida decenas de persoas.

A solicitude de concesión de augas (75 anos) para a captación de auga é de 640 l/seg (máis de 46 millóns de litros diarios). Sendo o consumo promedio de auga en Galicia de 130l/habitante/día, Greenfiber empregará a mesma cantidade que 353.850 habitantes/día, cantidade superior á que consumen os habitantes da provincia de Lugo nun día. Hai que salientar que máis do 65% da auga volverá ao río tratada, con químicos, pero contaminada, deteriorando aínda mais a calidade da auga ao longo do río Ulla e que esta contaminación chegaría á ría de Arousa, que xa de por si ten problemas de contaminación.

Polo tanto, esta fábrica será unha macrocelulosa de produción non sostible depredadora dos nosos recursos, que consumirá e degradará un ben esencial para a nosa vida: a auga, e que destruirá áreas de excepcional valor ecolóxico producindo un gran impacto na zona onde se pretende implantar.

Dentro desta afectación estaría a planta de tratamento de auga potable situada a pé do río Ulla en Carcacía, no municipio de Padrón que á sua vez abastece a toda a contorna de concellos, máis de 93.000 habitantes, de Padrón, Dodro, Pontecesures,

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Valga, Catoira, Rianxo, Ribeira, Boiro e A Pobra do Caramiñal.

Este proxecto sería un potencial risco para todo o entorno da Ria de Arousa, unha ría que supón o sustento da economía local en toda a contorna. O sector primario do mar de Arousa é estratéxico na economía local, polo emprego directo que xera; mariscadoras a pe, bateeiros, mariñeiros, mariscadores a flote, etc. constitúen un amplísimo colectivo que ten o seu medio de vida no mar. Este sector xera empregos estables, tamén en épocas de crise, en comparación con outras actividades xa que este sector resiste mellor os vaivéns do ciclo económico, como se veu demostrando nos últimos anos. En cifras, este sector representa o 1,33% da produción total da economía galega, achega o 33% do valor engadido xerado no conxunto do sector a nivel galego e dá traballo, directo ou indirecto, a miles de familias.
A importancia ambiental do Río Ulla e da ría de Arousa, descansa sobre a riqueza ambiental existente na ría de Arousa e os ríos que nela desembocan, onde a saúde do río Ulla ten un papel fundamental, xa que alimenta dun xeito moi importante de sedimentos e nutrintes á ría. Esta riqueza ambiental está amplamente recoñecida, non so por publicacións científicas, senón pola propia lexislación ambiental. A ese respecto cabe destacar a declaración de varios Espazos Protexidos, como é a Zona de Especial Conservación Ulla-Deza, (declarado o 31 de marzo de 2014, polo Decreto 37/2014), no que se encontran as nosas brañas de Laíño, que protexe a maior parte do río Ulla ata Rianxo. Dito río ten gran importancia ambiental onde destaca a presenza de peixes como lamprea e salmón, especies moi sensibles á contaminación das augas e paxáros como a escribenta das canaveiras a punto, xa, da súa desaparición.

A administración debe velar pola conservación dos espazos protexidos. A implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, promovido por Greenfiber, S.L. aumentará a drenaxe de contaminantes cara a cunca do Ulla, afectando irremisiblemente á riqueza ambiental da ría, e consecuentemente á riqueza económica que sustenta.

Por todo isto propoñemos o seguinte
ACORDO:

- Instar ás Consellerías do Mar, Economía, Industria e Innovación, Infraestruturas e Mobilidade e Medio Rural a atender as diferentes alegacións que se presentaron polas entidades e particulares en virtude dos efectos negativos para o medio ambiente e a incompatibilidade do proxecto coa debida protección das augas da cunca e da desembocadura do Ulla, dos espazos naturais deste sistema fluvial, coas captacións de auga potable de numerosos concellos, coa riqueza pesqueira e marisqueira da ría de Arousa, coa protección do Camiño de Santiago e da actividade económica estratéxica e fundamental dos concellos baseada na agricultura, a gandeiría, as industrias agroalimentarias e forestal, o turismo, a hostalería e os servizos.

- Instar ao goberno do Concello de Dodro a que elabore unha declaración institucional na que rexeite este proxecto.”

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Procede a continuación o voceiro do Unidade Veciñal de Dodro á lectura da moción.

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *" Dicir que aquí se mandou por rexistro unha declaración institucional que elaboraron diferentes colectivos ecoloxistas, mandouse por rexistro o 24 de abril e o Concello de Dodro, non lle deu curso á declaración institucional, unha declaración institucional que se fixo en Padrón e que bueno, aprobárona por maioría e incluso o Partido Popular, non votou en contra. E nada máis."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Portavoz do Partido Socialista De Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *" Vaia por diante, que estamos de acordo en estación, e indicar, por se non saben vostedes, que o alcalde presentou unha alegación sobre este tema, tendo en conta os efectos negativos para o medio, para o medio ambiente, protección das augas e a captación da auga potable, da que se sirve entre outros, este concello . Nada, xa me estenderei un pouco máis na moción relativa a este asunto, presentada por outro grupo político. En canto á declaración institucional, si que a mandou, e bueno, penso, non sei ao mellor estou equivocado, debe de ser por unanimidade, ou non? Entonces habería que sometela á unanimidade de todos os grupos, pero vaia por diante que o grupo socialista, apoia esta moción."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Si, boas tardes, sobre as declaracións institucionais, creo que fai pouco que se publicou ou se manifestou, se comunicou unha declaración institucional, que desde logo, non contou co apoio de todos os partidos políticos, pero bueno, o cumprimento do ROM, xa sabemos que non..., que é algo nesta corporación imposible. Falaba fai pouco o señor Vicente da Comisión Informativa, e a Xunta de portavoces, acórdase vostede de cando dicían vostedes, vamos facer unha ROM para que esto sea máis democrático e tal, e en 4 anos non foron capaces vostedes nin de convocar unha Comisión Informativa nin unha Xunta de portavoces, pero bueno. En fin, sobre esta moción sobre ALTRI, pois resulta que despois de rematar a campaña electora para as eleccións á Xunta de Galicia, a extrema esquerda nacionalista, xa deixou o traxe de ser demócrata para sacar unha vez máis a súa faciana totalitaria. O que se sabe agora do proxecto de ALTRI, é o mesmo que se sabía antes e durante a campaña electoral, pero claro está , non podían decir nada, nos fora a ser que os votantes os identificasen co que son, os do non, os que están en contra de todo progreso e o BNG, perdese votos.*

Rebasan vostedes, calquera límite de irresponsabilidade democrática e moral.

Mentres en Bexo se fai a vista de todos vostedes, o recheo con residuos

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

contaminados, con produtos químico, as mulleres bravas e os homes rebeldes de Unidade Veciñal. Póñense de costas.

Mentres os veciños ven que os mananciais son contaminados as mulleres bravas e os homes rebeldes de Unidade Veciñal, din que non saben nada.

Mentres en Dodro, os cazadores furtivos, disparan ao carón das casas dos veciños, as mulleres bravas e os homes rebeldes de Unidade Veciñal, quedan calados coma pedras.

Mentres en Dodro o señor Abuín e o señor Castro, fan e desfán, pasándose un día e ouro tamén polo forro do abrigo, as máis elementais normas, as mulleres bravas e os homes rebeldes de Unidade Veciñal, siguen apoiando a corrupción do goberno municipal.

En Palas de Rei, aínda non se fixo nada, ni sequera se sabe, si se vai facer, e si se chega a facer, aínda non sabemos como se vai a facer.

En Dodro, a ilegalidade, pasa todos os días, todos os días, pero vostedes non so non está preocupados pola corrupción de Dodro, vostedes so os seus principais valedores. Nada máis."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Portavoz do Partido Popular, por favor.*"

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: "*Moitas grazas. Bueno, nós presentamos unha moción, efectivamente con este tema, e é todo o contraio que presenta a Unidade Veciñal, desde logo, é para apoiala, desde logo e vamos a explicar porqué.*

Apoiamos como fixemos sempre, todas as iniciativas de empresas que optan por Galicia para asentares, a tempo que cumpren co medio ambiente, xeran emprego e riqueza, en fin, fixan poboación no rural.

É verdade o que dicía o portavoz de Xente de Dodro, que no Parlamento levouse este tema fai dous anos, no 2022 e curiosamente , todos os partidos con representación no Parlamento, votarao a favor, tanto o PSOE, chámeme a atención que agora vai a votar en contra, como o BNG, e o proxecto era o mesmo, a iniciativa foi aprobada por unanimidade. En cambio agora, que o proxecto está preto de ser unha realidade e pasaron as eleccións autonómicas, claro, todo hai que dicilo, atopamos que a esquerda volve a cambiar de opinión, volve ao non e a boicotear o futuro de Galicia. O PSOE apoiaba o ALTRI e agora non sabe se seguir facéndoo ou non, depende a quen se lle pregunta, porque si que é verdade, que en algúns sitios o apoian, en outros, van en contra. O BNG, que tamén apoiaba a ALTRI fai dous anos e sin embargo agora, se posiciona en contra, non sabemos que dirá no futuro, e ademais, eu teño aquí, si queren velas, varias mocións, presentadas no Parlamento, tanto polo grupo do PSOE, solicitándolle no Parlamento que cambien este marabilloso proxecto e que se

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

instale na Mariña Lucense. O BNG, curiosamente, fai outro tanto do mesmo, pero resulta que o concello de Foz que está gobernado polo PSOE, apóiano e fano tamén público, ou en Ourol ou en Pontenova, etcétera, etcétera, etcétera . O PSOE e o BNG terán que explicar, por que en dous anos pasaron de apoiar o ALTRI no Parlamento de Galicia e pasaron as eleccións e queren boicotear a súa instalación.

O Partido Popular, en cambio, dixo e seguirá dicindo que si a todas aquelas iniciativas que se fagan en Galicia, prosperen.

A postura da Xunta é coñecida e se analizará con rigor e transparencia o proxecto, e se cumpre, señor portavoz de Unidade veciñal, todos os requisitos legais e ambientais e contará co visto bó da Administración galega se é así. E serán os técnicos os encargados de validar este proxecto, como sempre se fai, coas máximas garantías e o máximo rigor, e no ¡n creo que sea vostede quen de dicir que os funcionario, pois van a cometer unha irregularidade, non? Lamentablemente, ademais e moitos meses despois, seguimos sen novas do compromiso do goberno do Estado, para apoiar financeiramente, con fondos Europeos este tema.

Meténdonos de fondo na moción, falan da eucaliptización de Galicia. Miren, Galicia, non poden vostedes soltar bulos, que non sei onde os collen e soltalos aquí, e como a xente, deben pensar que é parva, pois non se entera. Miren en Galicia, temos 6 millóns de metros cúbicos de eucalipto ao ano, 6 millóns de metros cúbicos de eucalipto que se cortan, vale, 3 vanse fóra , porque aquí non hai industria para transformalo e o proxecto de ALTRI, necesita 1,2 millóns de metros cúbicos, así que aínda terán que ir máis fóra, non se van a plantar máis eucaliptos nin nada dese que están vendendo por aí, en canto aos recursos hídricos, e aos sectores, gandeiro e marisqueiro, que tamén mencionan na moción, mira, o proxecto incorpora tecnoloxías innovadoras para o aproveitamento eficiente da auga captada, aínda que se usase toda a capacidade da auga, suporía pouco máis do 3% do caudal do Ulla, que vostedes din que van a acabar coa auga do río Ulla, bueno, un 3%."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señora Boga, quédalle 1 minuto, dígolle porque ten un tempo limitado e xa leva vostede 10 minutos.*"

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Vale, un 3% do caudal. En todo caso está previsto que se produza unha importante devolución da auga ao río, unha vez tratada e non envelenada, como vostede di na moción, auga envelenada que van verter ao río, e4 aproximadamente quedaría un 0,78%, do que di vostede ao que é a realidade, que ao mellor terían que ler o proxecto e miralo. En canto á bomba ambiental instalada no corazón de Galicia, a Xunta, garantirá que se cumpla a legalidade ambiental de forma escrupulosa, porque vólvolle a repetir que esto fano técnicos que son funcionarios e eles non incumpren a lei.*

E en canto ao Camiño de Santiago, que tamén mencionan na súa moción, mire,

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

o punto máis próximo, sitúase aproximadamente a 3 quilómetros da planta, polo que non lle interfire na ruta absolutamente para nada, e en canto aos cheiros, en este proceso se prevé un sistema de limpeza de gases previo á súa emisión, así que, aparte diso, o que pide vostede na moción que é que a Xunta de Galicia atenda ás diferentes alegacións, mira é que legalmente xa ten que atendelas e o de instar a o Concello a que elabore unha declaración institucional, bueno pois, si xa a presentaron e non lla traen ao Pleno, pois non é cousa nosa, esto é un despropósito. Nada máis, gracias alcalde."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal, perdón, portavoz do BNG.*"

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Voume a ceñir á moción, tempo haberá despois de ceñirnos tamén á outra moción, pero a min paréceme ben que a Unidade Veciñal se sume tamén unha vez máis, a estes esforzos que empezou o BNG, e máis o BNG de Dodro, desde hai xa dous meses o día 22 de febreiro, facíamoslle entrada por rexistro ao equipo de goberno, xustamente que se pocisionara e que lle dera voz a todos os grupos políticos da corporación, para xustamente falar do tema de ALTRI . Nunca é tarde, nunca é tarde para que se sume xente e que de aquí en diante, que baia sumando máis a todas as convocatorias que coma nós pensamos, non é algo que sexa marabilloso e a que vaia a arrecender a flores, como acabamos de escoitar aquí , porque, eu a auga que estou bebendo agora mesmo, non é unha auga que poda beber se despois ALTRI, que é aproximadamente 10 veces máis que ENCE, non a poderei beber da billa. E despois cando sexa a moción, xa lle explicarei un pouco máis, porque hai que ler toda a letra, incluso a pequena.*"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Moitas gracias, unha segunda quenda.*"

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Nada, dicirlle aquí á portavoz do PP de Dodro, do nove PP ou do PP auténtico, o PP de Dodro, non. Eu digo que aquí no concello de Dodro, poderemos facer política, ou o que digan os técnicos, mentres o que digan os técnicos , nós non podemos facer política, non podemos traer mocións, porque eso é o que din os técnicos e o que din os técnicos vai á misa. Nós entonces, non podemos facer nada aquí ni concello, non podemos traer mocións porque vostede trae unha moción e contradí aos técnicos...nós poderemos pedir o rexeito desta fábrica ou non podemos ?, porque non vamos a poder traer unha moción destas, mentres o que digan os técnicos, os técnicos son aquí os santos espirituais aquí os técnicos... Nós traemos esta moción para que se aprobe aquí, para facer política aquí no concello de Dodro, basicamente.*

Vostede di que a Xunta cumpre estritamente a legalidade, vostede cree que a Xunta, por exemplo na Ría de Noia, en canto á depuración das augas, cumple estratexicamente a legalidade?Pode mirar vostede s ultímaos índices de contaminación da Ría de Noia, eso pódeo ver, cumple estritamente? Non cumple estritamente a legalidade.

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

A vostede na súa intervención, soamente lle faltou pedir a instalación da macrocelulosa de ALTRI aquí nas brañas,porque unha cousa tan boa, que vai ser tan boa, vostede pódea pedir para aquí tamén, basicamente, porque si é tan boa, non sei que mal ten que estivera aquí . Eu non entendo, pode, unha cousa tan boa para toda Galicia, para todo Dodro e para todo, pois pode vir para aquí, vostede di que son 3 litros, o 3% da auga de todo o río, de toda a masa do río, sen a devolución, do caudal, do caudal do Ulla ata a desembocadura, non?, vostede pensa que o río Ulla ao paso da captación, en Palas de Rei ten o mesmo caudal que aquí? O río Ulla, na captación de Palas de Rei, no verán, practicamente baixa máis dun 50, dun 60%, está case seco, pois é así, vostede, a fábrica vai captar no embalse de Porto de mouros e vai botar esa auga, marabillosa auga que non sei é tan marabillosa, se a auga sae tan limpa, entonces, xa a poderán volver a usar, para que a botan ao río? Se sae tan limpa, porque según dixo a concelleira, esa auga sae máis limpa do que entra, dixo a concelleira nunhas declaracións. Pois se sae máis limpa do que entra, vólvana a coller, fáganlle o ciclo da auga e non a bote ao río, por que a botan ao río? Non ten moita defensa eso.

Bueno, nada máis, despois na seguinte, seguiremos falando, na seguinte moción."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Eu dicirlle ao portavoz de Unidade Veciñal que evidentemente imos votar a favor da moción, que esa moción xa vai o tema de elaborar unha declaración institucional, que non temos ningún problema e que o alcalde do concello de Dodro, presentou en tempo e forma, unhas alegacións, de acordo ao anuncio de 20 de febreiro de 2024 da Secretaria Xeral De Industria, polo que se someten a información pública a solicitude e autorización ambiental integrada, o estudio de impacto ambiental e a declaración de utilidade pública do proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil , a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, promovida por Greenfiber S.L., declarado proxecto industrial estratéxico por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de decembro do 2022. Pois o alcalde encargou un informe e acompañado deste informe, solicita á Consellería se Industria e Innovación, a estimación das alegacións que aquí presentamos á non autorización ambiental integrada, rexeitar o estudio de impacto ambiental e a non declaración de utilidade pública e a rexeitar o proxecto para a implementación da industria téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas por Greenfiber, e nada máis. Dito esto, se vos parece pasamos a votar a moción.*"

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro
Votos en contra: 5
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro
Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

9. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE O FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

“MOCIÓN SOBRE O FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Dodro, de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, marcou un antes e un despois no sistema de benestar do noso país.

Na dita lei establécese que as Entidades Locais participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia, de acordo coa normativa das súas respectivas Comunidades Autónomas e dentro das competencias que a lexislación vixente lles atribúe, correspondéndolle ao Estado e ás Comunidades Autónomas establecer os pertinentes Convenios que establecerán o financiamento que corresponda a cada Administración, e que

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

estes Convenios recollerán as achegas do Estado derivadas da garantía do nivel de protección.

Polo tanto, a competencia anunciadora do sistema é do Estado e da Xunta de Galicia e os Concellos son os que teñen a competencia na prestación do servizo.

Pero a realidade é ben distinta, vemos como Servizo de Axuda no Fogar (SAF) tense convertido nunha pesada carga económica para os concellos de Galicia. Hai pequenos concellos rurais para os que este servizo xa é o máis oneroso, por enriba mesmo da limpeza viaria e recollida de lixo, algo impensable hai apenas uns anos.

A Xunta manifesta reiteradamente que o SAF é o piar fundamental sobre o que descansa o sistema de dependencia en Galicia. A propia conselleira ten declarado, para xustificar a escasa dotación de prazas públicas en residencias, que a idiosincrasia galega propicia que a xente maior prefira permanecer nas súas casas.

A Xunta limítase a anunciar autorizacións no número de horas que pode prestar cada concello para posibilitar a entrada de novas persoas no sistema. E presenta isto como unha resposta ás necesidades. Sen embargo, a máis horas e máis persoas, o desfase económico para os concellos, nun servizo que correspondería atender directamente á Consellería de Política Social, increméntase. E mentres a Xunta mantén controlados os seus custos, toda vez que ten a potestade para regular e manter a conxelación no prezo do módulo/hora, os gastos municipais dispáranse porque son os concellos os que licitan e adxudican un servizo que se encarece ano tras ano, especialmente nos concellos máis rurais e máis avellentados, que casualmente son os que dispoñen de menos recursos económicos.

A maiores, a realidade é que nos últimos anos o incremento do IPC e a implantación das medidas de mellora das condicións laborais das persoas traballadoras do sector teñen provocado un aumento máis que considerable do custe da prestación deste servizo, sen que o Goberno Autonómico do PP teña feito achega algunha tendente a, dunha vez por todas cumprir coa súa obriga competencial de financiamento do servizo e as paliar estes elevados custes que están a soportar os concellos e que non lles corresponden.

Son os concellos os que teñen asumido ao longo de todo este tempo os incrementos do prezo/hora para poder garantir un servizo de calidade e unhas condicións de traballo dignas do persoal do Servizo de Axuda no Fogar, incrementando o importe dos contratos nos orzamentos municipais, sen ningunha clase de achega adicional por parte da Xunta de Galicia.

Deste xeito, na actualidade atopámonos con que moitos dos concellos non teñen capacidade económica para atender os altos prezos da hora de prestación do servizo.

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

A situación actual é que o custe dunha hora de Servizo de Axuda no Fogar supón a día de hoxe entre 22 e 24 euros, dos que a Xunta, contando coas achegas económicas que lle fai o Estado para este servizo achega 12 euros; mentres que os concellos e os usuarios achegan o resto (entre 10 e 12 euros) cos seus fondos propios.

Isto, sumado a que o SAF é un servizo cada vez máis demandado debido ao envellecemento da poboación, produce que os municipios teñan que asumir importantes cargas económicas, que se incrementan ano a ano e hipotecan o seu futuro económico. En moitos concellos, o SAF supón xa un de cada tres euros dos que dispoñen os concellos para gastos correntes. Esta situación vese agravada coa nova lexislación estatal que reduce a parte do copagamento que deben asumir os usuarios do servizo de Axuda no Fogar para que sexa asumida pola administración. Unha medida social coa que estamos de acordo, pero o que non podemos aceptar é que este incremento do gasto se volva a repercutir unha vez máis nos concellos. A Xunta é quen ten as competencias e é quen debe asumir ese incremento do gasto.

Se contrapoñemos as achegas da Xunta de Galicia coas do Goberno do Estado, obtemos os seguintes datos:

Galicia: a Xunta de Galicia reduce os fondos propios da partida destinada ao SAF no 2023 en 3 millóns de euros:

Ano 2022: 50,3 millóns de euros
Ano 2023: 47,4 millóns de euros

Estado: o Goberno de Pedro Sánchez aumentou no 2023 as achegas do goberno do Estado en 13,9 millóns de euros, pasando dos 51,3 millóns de euros no ano 2022 aos 65,2 millóns de euros no ano 2023, e incluso recibiu importantes fondos estatais específicos para axilizar as listas de espera por parte do “Plan de Choque de la Dependencia” do Goberno de España. :

En resumo, mentres o Goberno de España aumenta os recursos destinados ao SAF para Galicia, o goberno da Xunta de Galicia reduce os fondos autonómicos para esta partida.

É claro que é a Xunta de Galicia a quen lle corresponde financiar esta competencia, polo que corresponde demandar que a Xunta incremente a súa achega, aliviando a economía dos concellos, que son os que realmente están a padecer a pasividade do goberno autonómico do PP, recordando unha vez máis que os verdadeiros prexudicados desta falla de acción da comunidade autónoma son as persoas destinatarias da prestación deste servizo, as persoas dependentes.

Cabe recordar a maiores que o Fondo de Cooperación Local da Xunta leva unha década conxelado, o que sumado a asunción por parte dos Concellos no financiamento de competencias impropias, está a facer perigar a

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

sustentabilidade económica dos servizos públicos no futuro.

Polo tanto, estamos no momento de solucionar o grave problema do infrafinanciamento do SAF e poñerse de lado dos concellos, polo que dende o Grupo Municipal do PSdeG no Concello de Dodro, propoñemos a adopción dos seguintes acordos:

O Pleno da Corporación do Concello de Dodro insta á Xunta de Galicia a:

- Asumir o custo derivado da redución do copagamento provocado pola entrada en vigor da Lei 10/2023, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que a día de hoxe asumen os Concellos de Galicia.

- Aumentar o financiamento autonómico do Servizo de Axuda no Fogar para que os concellos non teñan que asumir o financiamento e poidan desenvolver correctamente este servizo ante o incremento de custos.

- Dotar dos medios e recursos humanos e materiais aos equipos de valoración de dependencia para reducir as listas de agarda.

- Exercer as súas funcións de mediadora nas negociacións entre as empresas e os axentes sociais para tratar de que se alcance un acordo do convenio colectivo do sector."

Procede a continuación o voceiro do PSdeG-PSOE á lectura da moción.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas graza, iniciamos un turno por portavoces. Portavoz da agrupación política Xente de Dodro.*"

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Resulta noxento que veña o PSOE a reclamar aportación para presta o servizo de axuda no fogar, cando son vostedes, precisamente os que están a destruír os servizos elementais de Servizos Sociais. Prescindiron de traballadores sociais, de educadores familiares, non miran polos veciños, non os axuda, ao contrario, o PSOE co apoio de Unidade Veciñal, BNG e o novo Partido Popular, está a poñer en dificultades un día tras outro aos veciños de Dodro.*

Tiveron que devolver vostedes parte da subvención que recibe o concello de Dodro para Servizos Sociais, o que demostra claramente o interese que teñen vostede en estes servizos.

É o seu partido, o Partido Socialista o que se nega a negociar unha modificación da distribución de recurso entre comunidades autónomas. Unha distribución de recursos acorde coas circunstancias de cada unha das comunidades. Son vostedes, or exemplo o seu partido, o que proporciona Cataluña de recurso para que os partidos independentistas, continúen co seu proceso nacionalista separatista, mentres castigan continuamente ao resto das comunidades autónomas.

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

É o seu partido, o que se gasta os cartos de todos, en facer favores a empresas amigas en amigos , en lugar de adicar os recursos públicos no ben das familias.

Non lles preocupa moito a vostedes, os Servizos Sociais, non hai máis que ver o que se gastan en prensa, Facebook e cans. Nada máis."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular.*"

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Gracias. Chámonos a atención, que volvan a presentar esta moción porque no Pleno de xaneiro, xa presentaron unha moción, que por certo saeu aprobada cos votos seus, do BNG e de Unidade Veciñal, donde solicitaban que a Xunta de Galicia, se fixera cargo de todos os servizo de axuda a domicilio, do financiamento íntegro, entonces, si xa se aprobou en xaneiro, agora traen outra moción, di o portavoz do PSOE máis completa, é máis do mesmo, volven a dicir que a Xunta pague todo. Aquí, todo o ten que pagar a Xunta. Mire a Xunta apoia aos concellos galegos no financiamento do SAF, é mentira o que din aquí na moción de que a Xunta de Galicia reduce os fondos propios da partida destinada ao SAF no 2023 e supoño que lla mandaría e vostede copiou e presentou porque mire, no ano 2023 destinouse un investimento récord ao SAF 112 millóns de euros e adiantouse o incremento do precio/hora do ano 2024, no ano 2024, se volve a reforzar o orzamento con 130 millóns, pasamos de 112 a 130 millóns, un 15 % máis, e vostede na moción, di que se reduce, pois non sei de onde sacaría ese dato, mandaríanllo e vostede creo.*

O goberno galego sef¡gue a reforzar a axuda aos concellos galegos para facer fronte aos gastos destes servizos, mentres que o goberno central, segue a incumprir a lei de dependencia, que ademais a lei de dependencia obrígalle a cofinanciar un 50%, e agora mesmo, na actualidade, solo asume un 30%, pero ao goberno central, vostedes non lle reclaman nada.

Din vostedes na moción que o goberno de Pedro Sánchez, aumentou as achegas no ano 2023, pois menos mal que as aumentou e nos puxemos nun 30, porque se non, pobre de nós, pero aínda nos falta un 20, pódenlla reclamar. A Xunta de Galicia está asumindo un 70% do financiamento, frente a un 30 do goberno central, home, sabe o que significa esto? 2.500 millóns de euros de débeda con Galicia.

Por que non lla reclaman ao goberno central? Sen dúbida, contar con estos fondos, nos permitiría destinar máis financiamento e poñer máis horas a disposición dos concello, que boa falta fan, outra cousa é que vostedes llas asignen e llas den a xente que aí andan un pouco pez, a ver se agora cas dúas traballadoras sociais e todo ese persoal que o alcalde dixo ao principio, a ver si empezar a funcionar Servizos Sociais dunha vez.

En definitiva a moción que plante o PSOE, amosa un descoñecemento total da lei de Servizos Sociais de Galicia, pero total, e ademais i importante esforzo que está

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

facendo a Xunta á hora de financiar este servizo.
E o que é máis grave é que o BNG, que apoia ao goberno central, tapa os ollos e non quere ver que aquí op que non cumpre coas súas obrigas, é o goberno do señor de Pedro Sánchez, ese ao que vostedes lle dan sempre o seu voto a cambio de nada. Nada máis que dicir."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da Unidade Veciñal.*"

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Bueno, basicamente nos imos a apoiar esta moción, estamos de acordo con ela, evidentemente en xaneiro xa houber outra, vólvese a pedir o mesmo, ao mellor, pensan vostedes que por moito insistir ao mellor lle fan caso, pero bueno, estamos de acordo.*

Tamén nos gustaría saber que xestión directa fixo dentro dos 1786 quilómetros que fixo o alcalde, que xestión directa fixo na Xunta de Galicia sobre este tema, porque vemos que outros alcaldes se reúnen con diversas autoridades. O alcalde, non sei si é porque ten vergonza a que se sepa o que fai, non sei por que? Pero bueno, gustariamos saber que xestión directas fixo o alcalde para solucionar este tema, porque eu creo que a base de emocións, home, é unha boa intención, está ben, pero mellor sería complementar con algún tipo de xestión do propio alcalde ou da concelleira de servizos Socias"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego.*"

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"É curioso que unha moción semellante foi xa aprobada aquí no Pleno e volvemos con ela. Non cabe dúbida que a Xunta de Galiza, está apoiando, como di o Partido Popular, pero de todos os xeitos, o que non sabe ou non quere saber a Xunta de Galiza é que estamos nunha situación de pirámide invertida, por moitos cartos que dea, van a ser insuficientes, porque os datos que manexan todos os concellos e as achegas que teñen que facer, é realmente unha sangría, eso era en xaneiro e segue a ser agora por moito que se mate o Partido Popular dicindo que aumentou, claro que aumentou, porque aumentaron as necesidades, non hai máis que ver a idade media que hai aquí agora en este Pleno. Entón, eu creo que hai que mirar un pouquiño a realidade social e polo tanto, investir na realidade social, que o BNG sempre vai a estar apoiando calquera tipo de iniciativas. Aquí e en Madrid, unha iniciativa social é por exemplo que devolvan as autoestradas, como están a facer noutros sitios, é unha das cousa que pedimos, e pedimos máis, e nesas estamos. O BNG, non goberna nin na Xunta, nin goberna en Madrid, eso que quede claro. E simplemente remato cunha anécdota, no orzamento dun concello, a concelleira de Servizos Sociais fixo os seus números, e entón cando fixo os seus números, non recordo a cantidade, imaxinádevos, un millón de euros, era un concello modesto, un millón, millón e medio de euros, destinado para Servizos Sociais, entón o alcalde respondeulle, pero ti estás seguro rapaz, tanto para Servizos Socias? Esa é a realidade, realmente, a pirámide invertida, a realidade na que está sumido o país,*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

gobernado ano tras ano, polo Partido Popular e que non se da conta de que temos xente maior , e vámonos envellecendo e non estamos facendo nada, no so pola xente maior, se non pola xuventude que vai vir detrás, a que nos quede."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Socialista de Galicia"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *" Vamos a ve, chámame a atención que o voceiro de XD fale dos gastos no Facebook, cando el é un lince nas redes sociais, publica o que lle pareza. E á voceira do Partido Popular, tamén lle teño que lembrar que cando se presentou a outra moción, que non sei se fora nosa ou do BNG, xa non me acordo, dubidaba de que fora certo unha Orde que publicaba no DOG, que lla amosei aquí, onde dicía que correspondíalle o finanzamento de Servizos Sociais á Xunta de Galicia e despois, tamén dicirlle que non digo que sea competencia, bueno o Partido Socialista, que sea competencia da Xunta de Galicia, di a competencia do sistema é do Estado e da Xunta de Galicia, creo que o recalquei e parei un pouco nese tema.*
Dicirlle ao compañeiro de Unidade Veciñal, que das reunións, as reunións que lle podo dicir eu perfectamente do alcalde, respecto a estes temas, visitou tanto na Consellería de Servizos Sociais, como na Deputación, os Servizos Socias recentemente, hai pouco tempo. Nada máis. Agradecer aos que a van a apoiar, os que non, non digo nada."

Moitas grazas. Antes de pasar a votación, dicir dúas cousas. Cualificar de noxento ao Partido Socialista, como cualifica o portavoz de Unidade Veciñal, perdón,de Xente de Dodro, desculpe, teño aí unha fixación, de Xente de Dodro, di bastante pouco da súa catadura moral, ou a o revés, di bastante de quen é o elemento que temos aquí sentado.

En todo caso, recordarlle a todos os membros deste Pleno, que seguiremos traendo e facendo todo o que podamos para que quede claro que o déficit que está xerando nas arcas municipais, o incumprimento da Xunta de Galicia das súas obrigas estatutarias que ten asignadas por lei, sobre o servizo de axuda no fogar, estanos causando, aos concellos como Dodro que é un exemplo evidente de sobrecustos, as contas están fáciles, a Xunta financia 12 euros por hora e os servizos están custando entre 23 e 24 euros por hora, eso é inamovible, eso é impresentables e eso non ten ningunha discusión, págueo quen o pague. Como vostede moi ben dixo, a portavoz do Partido Popular, o goberno central aumentou a aportación por hora, a Xunta pasou de 9 a 12 euros por hora, eso é o que está pagando agora mesmo a Xunta, e quero recordarlles a todos os que están aquí que o Concello, efectivamente, o Pleno, como moi ben dixo vostede, aprobou unha moción neste sentido fai pouco, que se fixo chegar á Xunta e se acompañou dunha petición, digamos telefónica, dunha entrevista. Non sei cantos máis concellos fixeron chegar esa mesma moción e polo tanto non sei a forza ten o alcalde do concello de Dodro, sobre a que na Xunta me reciban por este tema, pero xa lles anticipo, que efectivamente, nin nos contestaron nin nos deron cita.

Si que fixen quilómetros para reunirme con Servizos Sociais da Deputación e si

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

que estamos intentando que a Deputación, asuma parte dos gastos que están xerando aos concellos da provincia da Coruña, pero recordar que non é un tema da Deputación, Servizos Sociais e o SAF, é un tema estatutariamente, que corresponde á Xunta de Galicia, por eso se volve a presentar esta moción, por eso se volver a insistir nos términos de acordo da moción, por eso se volve a insistir nos términos desta moción a que seguiremos insistindo en que cada un que pague o seu. Si lles parece podemos pasar á votación da moción."

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro
Votos en contra:5
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro
Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

10. MOCIÓN DO BNG DE POSTA EN MARCHA DA CASA DO REGADÍO

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"Moción para a posta en marcha da Casa do Regadío

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Dodro presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

A Casa do Regadío na Igrexa de San Xián de Laíño ía formar parte dun plan estatal hidrolóxico na ditadura. Pero correu o inmoble a mesma sorte que o Regadío: o esquecemento dunha das grandes estafas do goberno franquista aínda por estudar.

Houbo que esperar ao goberno bipartito do 2007-2011 cando o tenente alcalde nacionalista do BNG á fronte, Anxo Franco, iniciou o arranxo do inmoble esquecido. Concibido como Centro de Artes Escénicas albergaría actos sociais e culturais para unhas 70 persoas no patio de butacas.
Non había por entón -como agora- un local axeitado cun aforo humilde para a parroquia e céntrico para o resto do concello.

Cando comezaba a albergar actos para a veciñanza como a concorrida presentación do libro de Manuel Lorenzo Baleirón Toponimia de Dodro e de Laíño entra o goberno do PP de Valentín Alfonsín e Soledad Boga e desmantelan a Casa do Regadío botando a perder cartos, tempo, un espazo municipal e devolvendo o ben a épocas franquistas.

No pasado mandato volveu ser un goberno tripartito no que o BNG apoiou como no bipartito o proxecto con axudas para un local social que puidera albergar pequenas actuacións e actos beneficiando así a toda a cidadanía de Dodro por carecermos dun local desas características no concello.

Á vista das continuas subvencións, programas ou achegas da Deputación da Coruña ou da Xunta de Galiza o grupo municipal do BNG propón o seguinte

ACORDO

1.- Que o goberno do Concello de Dodro estude e pida á Deputación, Xunta de Galicia ou outros organismos financiamento para poñer en funcionamento canto antes para o noso concello a Casa do Regadío."

Procede a continuación o voceiro do Bloque Nacionalista Galego á lectura da moción.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas, portavoz do Partido Socialista de Galicia"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Estamos pendentes da resolución de subvención solicitada no seu día a un organismo oficial, como ben saberá o voceiro da Unidade Veciñal de Dodro, que levaba este tema. Non en tanto, temos que seguir agardando pola resolución, para poder solicitarlle tanto a Deputación ou a Xunta, ou calquera organismo a subvención."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Dicir que, bueno, o Centro de Artes Escénicas... Bueno, primeiro dicir que o deseño do interior do inmoble, desde logo, que é o máis incómodo e o máis inútil para un acto multitudinario. Despois dicir que ese edificio, foi aberto ao público sen ter os accesos que todo edificio público debe ter e aínda así vostedes facían ou intentaban facer actos a ver de había algún tipo de accidente que despois tiveramos que aguantar todos.*

Dicir despois que cando vostedes saíron do goberno, deixaron unha débeda de 800.000 euros que non foron xustificados, que non foi xustamente a que deixamos o último goberno que eu presidín, dende logo.

Dicir que non foi desmantelada, dicir que os aparatos de aire acondicionado se quitaron para dotar ás escolas unitarias que a vostedes se lles enchía a boca de palabras sobre a educación, pero lo, que non atenderon en nada a educación, nin os edificios educativos do noso Concello durante o seu goberno.

Dicir que o último goberno de Valentín Alfonsín, deixou o presuposto e a obra contratada para executar os accesos do centro de Artes Escénicas. É dicir, que vostede durante 4 anos estivo no goberno e non fixo absolutamente nada o que se di, nada , para intentar recuperar ese edificio, nin sequera facer ningún tipo de acto, ao contrario, ao contrario, ven vostede aquí cunha moción como se lle importara algo, a verdade é que non lle preocupa absolutamente nada,porque se lle preocupara o máis mínimo, durante os últimos 4 anos non tería apoiado unhas obras que son absolutamente inútiles para o servizo dos veciños de Dodro. E si vostede quere cambiar algo do que está a facer este goberno o que tem que facer é promover un cambio de goberno e facer un goberno distinto, eso é o que ten que facer e deixarse de vir aquí cunhas proposicións que durante 4 anos vostede fixo absolutamente todo o contrario, durante 4 anos vostede fixo absolutamente todo o contrario do que agora propón, todo o contrario e agora ven aquí intentando facer ver a uns veciños, a un supoño, que lle interesa algo, cando non lle interesou absolutamente nada. Nada máis."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular, por favor."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Di na moción, que cando a Casa do Regadío, textualmente: comezaba a albergar actos para a veciñanza como a concorrida presentación do libro, bla, bla, bla...", home, debería de dicir que foi o único acto que fixeron, eso e unha charla para os veciños da parroquia de Laíño, foron as dúas únicas actividades que vostedes fixeron aí, o motivo de non facer máis, seguramente fora o acceso que lle fixeron, ese acceso que era totalmente inviable para a maioría das veciñas e dos veciños de Dodro, cunhas escaleiras que alí puxeron que a metade, máis da metade dos veciños de Dodro non poden subir e ademais que non cumpría ca lexislación vixente, nin en seguridade nin en emerxencias. Tivo que vir despois o Partido Popular para facer un*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

acceso adecuado a lexislación vixente, por certo, que o Partido Popular para a sua información, non a compoñen dúas persoas, nin antes nin agora, debería de ser vostede máis rigoroso cando fai algunha manifestación destas.

Tiveron vostedes 4 anos pata poñer en funcionamento a Casa do Regadío, tal e como vostede pide aquí na moción, 4 anos nos que vostede formaba parte dese goberno, parece que se esqueceu de eso, parece que bueno eso, vamos a correr un tupido velo e agora vamos a venderlle aos veciños e vamos a quedar ben e pedirlle a un goberno en minoría ao que vostede critica, pero apoia un día tras outro e tras outro, que poñan a funcionar a Casa do Regadío, por que non o fixo vostede cando estaba gobernando, acórdalle agora, agora que acórdalle porque resulta que non tiñamos un sitio axeitado para acoller un importante acto cultural, como é a entrada dun veciño de Dodro na Real Academia Galega?, por eso lle acordou agora, que tivemos que ir a Padrón?, non sei pregunto. Vostede sabe ben que o Partido Popular de Dodro, levou no seu programa electoral, o arranxo da Casa do Regadío, e por unha cuestión moral, vamos a apoiar a moción, pero porque o levabamos no programa electoral, non porque vostede veña a vender o que non fixo aquí durante catro anos. Deixe de quedar ben, deixe de vender tanto e ao mellor póñase a traballar, ou póñase a traballar co goberno que gobernaba antes, nada máis."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:" *Portavoz de Unidade Veciñal, or favor.*"

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Bueno, xa non sei por onde empezar, porque esto... Evidentemente, si que agora mesmo hai unha subvencionan dos fondos Next Generation, que a solicitamos no noso goberno, creo que foi no ano 2022, xa van alá dous anos e aínda non hai resposta a ese proxecto a esa petición de subvención a eses fondos Next Generation. O PP, nós tivemos catro anos, evidentemente, no segundo ano, fixemos a petición aos fondos Next Generation, pero vostedes tiveron oito, oito anos, non fixeron nada tampouco* [interrompe o voceiro de Xente de Dodro]

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor non interrompa, primeiro aviso señor Alfonsín. Por favor non interrompa a quen está no uso da palabra, como non se interrompeu a nadie ata agora, por favor llo pido.*"

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:" *En oito anos, vostedes non fixeron nada tampouco para arranxar a Casa do Regadío, me parece a min, eu, polo que vexo, a Casa do Regadío non estaba conforme se deixou, evidentemente non estaba conforme se deixou, estaba arrancado, cortado o aire acondicionado, estaban cortados cables dos altavoces, estaba todo o sistema audiovisual estaba cortado, nin sequera se molestaron en deixara para si nun futuro se volvía a conectar, estaba arrasado totalmente, estaba convertido nun almacén basicamente, e o que intentamos nós, foi acceder aos*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

fondos Next Generation, agora eu tamén lle digo ao goberno que hai que estudar a renuncia deses fondos Next Generation e poñerse con outro tema , con outro tipo de subvención, porque se estes fondos non van chegar, haberá que chegar nun momento, ou facer a xestión por parte do alcalde, que non sabemos se fixo algunha xestión en algún ente, a Xunta de Galicia... quen leva ese tipo de fondos a ver que está pasando, porque non sae adiante , basicamente, e estudar a posibilidade de renuncia.

Tamén dicir, que se fixeron os actos,aqueles actos que se fixeron eh..., fixéronse para que houbese accidentes...xa non ten nome, iso xa non ten nome, que se fixeron os actos para que non houbera accidentes..., conforme dixo aquí un de PP reconstituído, ou o novo, bueno, o novo é de outro lado, de que eso, non ten nome, dicilo non Pleno e que conste en Acta, que se fixeron actos para que houbera accidentes."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*"Bueno moitas gracias, portavoz do Bloque Nacionalista Galego.*"

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *" Por alusións, señor alcalde, xa que non podemos interromper, as alusións foron claras.*"

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *" Non houbo alusións.*"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*"Por favor. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego.*"

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *" Grazas, imos ver, eu creo que quedou claro e recoñecido que dalgunha maneira, o Centro de Artes Escénicas, como se iba a chamar, quedou desmantelado o acabamos de escoitar. Dunha maneira ou doutra, que non tiña, evidentemente, todo o que tiña que ter, con todo, as ramplas as escaleiras e todo iso, eu creo que quedou demostrado aquí neste Pleno, que o inmoble que se arranxou, que arranxouno xustamente un goberno bipartito, un goberno, daquela do BNG e máis do PSOE. Eu creo, que eso non está en dúbida, aínda que lle pese á xente que gobernou Dodro durante 30 anos, sumamos tamén, oito daquelas persoas que foron máis que Valentín Alfonsín e Soledad Boga, ten que desculparen as persoas que cito aquí, porque evidentemente nas corporacións e nos equipos de goberno, había máis xente que tamén, dalgunha maneira, viron como desaparecía un ben e desde logo, non estou pensando no portavoz que lles fala, nin o BNG, non estaba pensando nun acto multitudinario para o noso novo académico, porque alí, evidentemente non colle, eu falo de humildade, a humildade é algo que tamén se está cotizando moi baixo. Alí é imposible un acto desas características, nótase que ao mellor non foi a un acto destas características a ningures, pero puido comprábalo coma min, que incluso o de Padrón quedaba pequeno, e a capacidade que ten Dodro insisto, é humilde, pero algo que sería moi xeitoso para toda a veciñanza de Dodro, non solo para os de San Xián, era digno, como fixemos para poder gozar del, polo tanto, nós*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

agradecemos a todas as persoas que apoian a moción e imos a pedir sempre, sempre, porque en catro anos, como calquera persoa pode entender, non da para darlle a volta a máis de 30 anos de dereita que houbo en Dodro."

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Por alusións....*"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Que alusións?.*"

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *" As do señor Vicente.*"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Pero que alusións? As alusións se refiren ao persoal non a unha idea política, neste caso a vostede non se referiu nada por alusión, referiuse como acto de goberno, nada máis.*"

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *" Ese goberno o presidía eu, terá qu e conceder o dereito por alusións"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Voulle a dicir o tema das alusións e así xa lle queda clara para outra vez, vale. Téñoo aquí diante, precisamente que o estaba mirando, a ver....*"

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *" E que está consumindo vostede máis tempo en eso que..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, e que o tempo eu teño todo o que queira, eu son o que preside esta corporación agora mesmo e dispoño do tempo como me dea a gana, se a vostede non lle gusta, ten a porta aí aberta para levantarse e marchar, entón , se vostede me desculpa, vou consultar o ROM para ver se o que dixo o señor Vicente, se pode entender como alusións"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *" A ver se o interpreta correctamente"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eu interprétoo como queira que para eso son o presidente. Vostede, xa sabemos como é vostede de interpretador, que xa sabe vostede máis que os arquitectos e máis que ninguén neste concello"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *" Eu non dixen que ....*"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Fai o favor de manter silencio ata que lle dea a palabra?.*"

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *" no, no, se me da o turno por alusións.*"

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*"Vou a ver si a lugar... a dignidade da persoa ou conduta dun concelleiro, non entendo que sexa esto, en todo caso, fíxese vostede, que magnánimo vou a ser, que ten vostede o que di exactamente o artigo 40 que ten vostede un minuto para explicar que alusións ten vostede, dígame.*"

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro:*" El aludiu, dixo que o meu goberno, o goberno que eu presidín, que non fixo absolutamente nada, e dixo que eu dixera que se facían actos para provocar accidentes, eu non dixen tal cousa, non dixen que se facían actos e que os accesos do edificio, non gardaban as medidas que tiñan que gardar un edificio público, o que é lamentable é que vostede xustifique e que permita que se fagan actos, nun edificio que non garda coas mínimas medidas de seguridade e de acceso, eso é lamentable, e polo que non fixemos nada, mire, vostede, a súa prioridade..."*

Prodúcense a continuación as intervencións seguintes de xeito simultáneo, en algún caso, initelixibles.

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Eso non son alusións."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"E respecto a que non fixemos nada, mire vostede, a súa prioridade é hormigonar unha pista de monte..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señor Alfonsín, rematouse o seu turno..."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Señor Vicente, non interrumpa, un pouco de orde, non interrompa."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señor Alfonsín, remate vostede."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Sr. Vicente non me interrumpa, é que me está interrumpindo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señor Alfonsín, rematou o seu turno."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"É que me consume."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esto non son alusións"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"É que me consume."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señor Alfonsín, rematou o seu*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

turno. Esto non son alusións. Quedoume claro que non son alusións."

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Como que non so alusións?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non son alusións, que conste en Acta, non so alusións"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro:*" E logo que son?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor, señor Alfonsín, segundo aviso, manteña o tipo e cale a boca."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro:*" Aínda non me dou o primeiro."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*" Dinllo fai un rato."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro:*"Non, non, non, ten que advertir"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*"Si señor. Segundo aviso, señor Alfonsín."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Pero é que si el está falando."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor, rematou o seu turno por alusións, señor Alfonsín.*

Sobre a moción do Bloque Nacionalista Galego, dicirlle que vamos a apoiala, estamos efectivamente, como ben dixo o portavoz de Unidade veciñal, pendentes desa resolución e o tema de consultar a algunha entidade, moi ben o explicou vostede, a algunha entidade, si o tema da concesión ou non dos fondos Next Generation, vamos a intentar que unha vez aprobada esta moción fagámosllo chegar á Xunta de Galicia, que verá o apoio do Partido Popular nesta moción, e intentaremos entre todos que, ou se resolva ou nos digan que non, en todo caso, preferimos que se fixera con fondos, como moi ben vostede dixo, Next Generation para non gravar máis ao concello de Dodro en outro tipo de cousas, xa que esta obra si que entraba moi ben. Entendemos que a Xunta de Galicia non contesta a esta consecución desta subvención, nin a o outorgamento de fondos Next Generation, porque está intentando facer, precisamente, este traballo de cansancio, nos concellos que solicitamos este tipo de axudas e que nos deneguemos e que nos retrotraiamos á petición que fixemos, coa intención de que bueno, de que o discurso final sexa que fomos nós os que renunciamos a subvención e xa sacamos doutros fondos. En todo caso seguiremos peleando e cos dous portavoces de Unidade Veciñal e co portavoz do Bloque Nacionalista

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Galego. Vamos a proceder á votación da moción."

Procédese á votación.

Votacións:

Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro
Votos en contra: 3
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro
Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

11. MOCIÓN DO PP DE APOIO Á IMPLANTACIÓN DA INICIATIVA EMPRESARIAL DE ALTRI

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"Dª. Mª Soledad Boga Grela, como Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Dodro, e ao amparo do disposto no regulamento orgánico municipal do Concello de Dodro, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A multinacional portuguesa Altri proxecta, no municipio lucense de Palas de Rei, a primeira biofábrica de fibras téxtiles en España a base de celulosa. Trátase dunha

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

iniciativa tractora, innovadora e ambiciosa, baseada na transformación da madeira para producir lyocell, un tecido de alta calidade, 100% biodegradable, máis ecolóxico cas fibras artificiais e cada vez máis demandado pola industria téxtil de todo o mundo.
En decembro do ano 2022 o Consello da Xunta declaraba esta iniciativa como proxecto industrial estratéxico, despois de recibir a documentación necesaria, e na actualidade a Administración autonómica vén de someter a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada, o estudo de impacto ambiental e a declaración de utilidade pública.
Cun investimento previsto próximo aos 1.000 millóns de euros, estímase que teña capacidade para xerar ata 4.000 empregos durante a súa construción e ata 2.500 postos de traballo cualificados e de calidade para a súa posta en funcionamento: 500 directos e ata 2.000 empregos indirectos adicionais, asociados a diferentes actividades como a loxística, servizos auxiliares industriais, servizos terciarios. Favorecerá, en consecuencia, o obxectivo de fixar poboación no rural.
Ademais tamén está previsto que xere sinerxías con outros sectores clave da economía galega, como é o caso do téxtil ou do forestal, ata o punto de que permitirá pechar en Galicia o ciclo produtivo e a cadea de valor da madeira. Trátase dunha iniciativa pioneira que integrará nun único proceso a produción de polpa e fibra, ademais do uso do residuo téxtil, baixo os principios de sustentabilidade e circularidade.
En consecuencia, a biofábrica representa unha oportunidade para o desenvolvemento industrial de Galicia, á vez que favorece o aproveitamento sustentable do monte, nun territorio no que contamos con máis de 80.000 propietarios forestais. De feito, empregará madeira certificada procedente dos nosos bosques.
Como non podía ser doutro xeito, unha iniciativa desta envergadura precisa do apoio de todas as administracións: municipal, autonómica e estatal. A Xunta de Galicia xa ten manifestado a súa vontade de ofrecer facilidades a este e outros proxectos empresariais que se queiran asentar en Galicia toda vez que se verifique que cumpran estritamente coa lexislación vixente e ofrecen as máximas garantías técnicas, xurídicas e ambientais.
Ata tal punto é así que o propio Parlamento de Galicia, na sesión plenaria de febreiro de 2022, adoptou un acordo por unanimidade -isto é co apoio de todas as forzas políticas- no que se instaba ao Goberno galego a dar prioridade ao proceso de deseño da que aspiraba a converterse na primeira fábrica de fibras téxtiles en España, por ser unha gran aposta, tanto desde o punto de vista económico e laboral, así como a reiterar ao Goberno de España a necesidade de establecer liñas de apoio no marco dos fondos europeos Next Generation para o desenvolvemento deste proxecto coa maior celeridade posible.
Finalmente cómpre indicar que todos estes proxectos intensivos en enerxía precisan para súa viabilidade e competitividade que se garanta a súa conexión eléctrica, en particular no caso que nos ocupa, a construción dunha subestación eléctrica para a subministración da planta de Altri en Palas de Rei, coa correspondente reforma de Planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica 2021-2026.
O obxectivo non é outro que intentar favorecer todas as iniciativas que permitan captar novos investimentos industriais en Galicia, crear novos postos de traballo

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

cualificados e de calidade, xerar riqueza e fixar poboación no rural, sempre que sexan perfectamente compatibles coa conservación do noso patrimonio natural e cultural e cumpran escrupulosamente coa lexislación vixente.
Ao mesmo tempo resulta especialmente conveniente rexeitar posturas populistas que, desde unha análise parcial e terxiversada da realidade, se opoñen sistematicamente a toda iniciativa empresarial ou enerxética, freando o progreso de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte
PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno da Corporación Municipal do Concello deDodro ACORDA:

1º.-) Manifestar o seu u apoio á implantación da iniciativa empresarial de Altri para emprazar a futura fábrica de fibras téxtiles a base de celulosa en Palas de Rei (Lugo) por canto supón unha oportunidade para xerar riqueza e emprego cualificado na nosa Comunidade, fomentar o asentamento de poboación no rural galego, pechar o ciclo produtivo e da cadea de valor da madeira e así favorecer aos propietarios de montes, e xerar sinerxías con dous sectores clave da economía galega como son o téxtil e o forestal.

2º.-) Instar á Xunta de Galicia a dar prioridade a este proxecto de interese estratéxico, sempre garantindo o cumprimento da máis estrita normativa medioambiental, técnica e sectorial que lle sexa de aplicación.

3º-) Instar ao Goberno de España a que concrete as liñas de apoio para o desenvolvemento deste proxecto, no marco dos fondos europeos Next Generation e coa maior celeridade posible; e a esixir que inclúa na Planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica 2021-2026 todas as medidas xa trasladadas reiteradamente pola Xunta de Galicia e que son precisas para dar resposta ás necesidades dos proxectos industriais intensivos en enerxía cuxa viabilidade e competitividade dependen da conexión eléctrica, como a construción dunha subestación eléctrica para a subministración da planta de Altri en Palas de Rei.”

En Dodro, a 3 de maio 2024

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“ Portavoz do Partido Popular”·*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *“Como non a vou ler, porque penso que xa está explicado por antes, simplemente vou a ler os puntos, si que quería aproveitar o tempo da lectura da moción, se o alcalde mo permite, a que a actitude de mando de ordeno do señor alcalde, creo que, se pode modificala, agradecémosllo. E quería preguntarlle tamén, se cada vez que falan do PP ou do PP de antes ou o de agora, podemos pedir un turno por alusións, e agora vou a ler os acordos da moción que nos expoñemos do ALTRI, si debería de oír a moción e punto pero se lle pido a palabra non ma vai a dar, así que dígollo agora, no tempo de ler dous folios da moción .*"

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:" *Señora Boga, debería de ir en rogos, vostede agora está para ler a moción e en rogos, vostede pode rogar o que considere.*"

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Pero non lle vou a rogar a vostede que non sea mando e ordeno, como comprenderá. Bueno, vou a ler os argumentos.*"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:" *Señora Boga, que vostede me cualifique a min, como a vostede lle guste, por favor, esto non é un debate, que vostede me cualifique a min, como a vostede lle guste, moi ao seu pesar, eu son o presidente desta corporación e eu dirixo os tempos neste Pleno Municipal, lamento que a vostede lle parezca, non sei o que lle parece, eu non califico case nunca a nadie, non me gusta que me califiquen a min tampouco e menos en público. Alá vostede coas súas opinións sobre este alcalde. Pode ler, vai ler vostede a moción?.*"

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:*"Non, o tempo de dar esta explicación foi a lectura destes dous folios de moción. O que vou a ler son os acordos que solicitamos.*"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*"Paréceme perfecto.*"

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:*"Primeiro: Manifestar o seu apoio a implantación da iniciativa empresarial de ALTRI para emprazar a futura fábrica de fibras téxtiles a base de celulosa en Palas de Rei, Lugo, por canto supón unha oportunidade para xerar riqueza e emprego cualificado na nosa comunidade, fomentar o asentamento da poboación no rural galego, pechar o ciclo produtivo e a cadea de valor da madeira e así, favorecer aos propietarios dos montes e xerar sinerxías con dous sectores clave na economía galega como é a forestal e a téxtil.*"

Segundo: Instar á Xunta de Galicia, a dar prioridade a esta proxecto de interese estratéxico e sempre garantido a máis estrita normativa medioambiental técnica e sectorial que lle sea de aplicación, e instar ao goberno de España a que concrete as liñas de apoio para o desenvolvemento deste proxecto no marco dos Fondos europeos Next Generation que parece ser que non miran ningúns, polo que acabamos de ver escoitar agora desa subvención que tamén pideu o Concello de Dodro e coa maior celeridade posible. E a esixir que inclúa na planificación da rede de transportes de enerxía eléctrica 21-26, todas as medidas xa trasladadas, e reiteradamente, pola Xunta de Galicia e que son precisa para dar resposta as necesidades dos proxectos industriais intensivos en enerxía cuxa viabilidade e competencia, dependen da conexión eléctrica coma a construción dunha subestación eléctrica para a subministración da planta de ALTRI en Palas de Rei."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:" *Vou dar un turno aos portavoces. Portavoz do Partido Socialista de Galicia.*"

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Eu vou, como dixen antes, que me vou a estender un pouco máis, na outra moción e respecto a esta . Estamos ante un asunto xa debatido, na Xunta de Galicia, concretamente, no mes de febreiro de 2022, o Parlamento de Galicia, aprobou por unanimidade a instalación da fábrica de ALTRI, na provincia de Lugo, nese acordo recollíase dar prioridade ao proceso de deseño da factoría por ser unha gran aposta, tanto dende o punto de vista económico e laboral, como dende o punto de vista estratéxico. Naquel momento falábase da creación duns 4.500 postos de traballo.*

Posteriormente, un ano despois, a finais do mes de xaneiro 2023, o Goberno da Xunta de Galicia, declarou como proxecto industrial estratéxico a fábrica de ALTRI, o que supón, tal e como afirmou o presidente de Alfonso Rueda, a concesión directa da licenza, a redución a metade dos trámites administrativos e outras facilidades, para a posta en marcha da instalación.

Nesta ocasión, o presidenta manifestaba que os empregos que se ían a crear, eran 2.500, e polo tanto, xa mudaba a información e xa non eran os 4.500 empregos anunciados o ano anterior.

Agora trasladan este debate aos concellos, e dende este grupo temos que esixirlle claridade, transparencia e información. Teñen que clarificar cal é o financiamento do goberno galego, que foi quen declarou este proxecto como estratéxico e que está a recibir multitude de críticas dende asociacións e colectivos, baseados principalmente, nesa falta de claridade e transparencia que lle esiximos.
A día de hoxe, nin contamos coa certeza, nin coa transparencia necesarias, sobre este proxecto por parte de goberno autonómico. Pola contra, contamos con multitude de variacións con respecto ao anunciado no ano 2022, cando se aprobou de forma unánime, a instalación desta planta.

Vemos, como os 2.500 empregos que anunciaban ALTRI e a Xunta, quedaron en 500 traballadores e a ambición de crear outros 2.000 en postos indirectos. A propiedade, prevía producir 200 mil toneladas de pasta soluble en 2022 e agora o doble.

A información dada ao principio, centrábase na produción de tecido sostible e biodegradable, para a posteriormente anunciar, que a factoría adicaríase a produción de pasta soluble coa capacidade de producir unhas 200 mil toneladas anuais e unha segunda liña de lyocell que xeraría unhas 100 mil toneladas, con capacidade para alcanzar as 200 mil en fases posteriores.

Uns meses despois, en setembro de 20222, ALTRI cambiou a súa previsión, xa que de novo, nun documento de presentación ante inversores, reduceu as toneladas de lyocell, nunha primeira fase e 60.000 por ano, podendo chegar a 120 mil.

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

A realidade actual, é que no inicio do trámite de declaración do impacto ambienta, ALTRI, recoñece e indica, que o obxecto de negocio do complexo lucense, será a posta en marcha dunha fábrica de fibra téxtil a base de celulosa, cunha capacidade final de produción de 400 mil toneladas/ano, de celulosa soluble, e 200 mil toneladas /ano de tecido artificial e ecolóxico, fabricado a partir de pasta de madeira de eucalipto que se desenvolverá, nunha fase inicial, fase 1, cunha produción de 250 mil toneladas/ano de celulosa e 60 mil, toneladas/ano de lyocell, polo tanto, vostedes deben explicar se a Xunta vai a garantir o financiamento público, o impacto ambiental que provocaría a factoría e as modificacións do mapa forestal de Galicia.
Para finalizar, e no tocante ás liñas de apoio para o desenvolvemento deste proxecto, no marco de Fondos europeos, leo, como daquela causou risa, Next Generation, digo porque daquela riranse un pouco, son galego falante e castelán falante, no tiña porque saber inglés.
Como ben saben, e debería saber, non son discrecionais e o seu reparto tense que axustar ao cumprimento da normativa. E chegados a este punto, tamén sería oportuno que dunha vez por todas, o Goberno da Xunta de Galiza, permitise, tal e como se lle requiriu en multitude de ocasión, o acceso aos expedientes de todos os proxectos estratéxicos incluídos na solicitude de Fondos Next Generation.
Por todo o anterior, facendo fincapé na falta de claridade, transparencia e certeza, o nos voto vai a ser en contra."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Portavoz de Xente de Dodro.*"

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Levamos, creo que dous anos falando de ALTRI, e aínda agora, non sabemos se o proxecto de ALTRI, de ser levado a término,pode cumprir a normativa sectorial, ou non.*

Din os responsables da Xunta de Galicia, que a factoría de ALTRI, levarase a cabo, se os técnicos informan favorablemente, pois entón, será mellor esperar a esos informes técnicos, e logo, xa veremos se temos que apoiar algo, ou non."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Eu recoñezo que cando vin a Orde do día, quedei parvo, despois inmediatamente, xa fun mirar os acordos, dixen eu, a ver si nun acordo vaise solicitar que se instale nas brañas directamente, con semellante... conforme iba lendo a moción, dixen, bueno no acordo vai solicitar que se instale nas brañas, co cousa tan bonita e tan boa... Mire, voulle ler unha noticia que salía en La Noche, el alcalde franquista de Padrón, Ramón Pazos Jiménez, queixábase amargamente nas páxinas de La Noche que o sábado 31 de marzo de 1956, nas que aludía a Franco coa seguinte frase : "Viene a mi memoria una de las consignas del caudillo, que las industrias nuevas , debieran instalarse, donde existiera la materia prima necesaria, la iniciativa y el capital privado suficiente", e ante a pregunta do xornalista de que lle pareceu a decisión de construír a fábrica en Lourizán, daquela, responde : "da la razón a cuantos patrocinamos la fábrica de pasta de papel en nuestro Ayuntamiento", el era alcalde de Padrón , pero parecíalle que as brañas tamén*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

lle pertencían a Padrón, basicamente, "ahora podrán trinar los poetas contra una fábrica que va a estropear ese paraje de la ría de Marín, muchísimo mas bello que el trozo de la orilla del Ulla, adquirido para la papelera. Ahora podrán plañir los pescadores de aguas revueltas por el daño que sufrirán los salmones del Lérez, no cabe, en pocas palabras, expresar la indignación de los padroneses, por el trato desigual que nuestra comarca recibe, no habrá desde ahora la menor justificación para impedir a la papelera que construya su fábrica en el Ulla."
Basicamente case é un resumo da súa moción, da moción do Partido Popular, o Partido Popular nesta moción o único que fai é alusión a unha biofábrica de fibras textís, non fai alusión a factoría de celulosa para elaborar 400 mil toneladas ao ano, son dúas fábricas,pero bueno, vostede solo fala da de fibras textís, evidentemente. Si é tan boa para Galicia, por que non a solicita vostede para Dodro?, por que o PP de Dodro se postula para que veña para aquí, porque como a cousa é tan boa, como fixo o alcalde no ano 56 que se postulou a fábrica de celulosa de Pontevedra, cando iba para Lourizán, quería que viñera para aquí, pois postulen vostedes que veña para aquí se tan boa é. Ademais, como din vostedes, que o caudal do Ulla soporta perfectamente, soporta moito mellor aquí que alá en Palas de Rei que apenas ten auga.

E tamén lle digo outra cousa, póñanse vostedes, os PPs o de Dodro e os da comarca todos , póñanse de a cordo, porque o PP de Rianxo, aprobou unha moción de rexeite de ALTRI, aprobouna. O PP de Padrón, non votou en contra de outra moción de rexeite de ALTRI, non votou en contra, son vostedes. Póñanse de acordo no PP, porque o de Rianxo e o resto votan en contra e aquí pídena."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señor Vicente, gracias. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego, ten un último turno, non? Non primeiro da primeira volta. Desculpe."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"O que non se dixo aquí é que ALTRI presentase na Galiza hai máis de dous anos, efectivamente da man da Xunta, da consultora Acento, cuxo socio fundador é o ex ministro socialista José Blanco, ofertando a primeira fábrica de fibras téxtiles ecolóxicas do Estado, cando José Blanco, actual CEO, que ven sendo, non é o ceo, que ninguén pense que é o CEO, é o director executivo, está o ex alcalde do PP de Victorio, Alfonso Alonso, entre os seus membros conta con populares e socialistas como Valeriano Gómez, Elena Valenciano, José María Lasalle ou Esteban González, fillo do deputado do PP, González Pons.*

Efectivamente no 2022, preséntase un proxecto industrial estratéxico, polo Consello da Xunta, pero curiosamente, despois das eleccións autonómicas o 18 que foron, curiosamente o anuncio asínase o día 20 de febreiro de 2024 da implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, que curioso, despois das eleccións e que aparece no DOG, que ninguén leu ao mellor, pois eu vou resumir algo que dicía o portavoz do Partido Socialista e di" afecta ao concello de Palas, comarca e ata a desembocadura do Ulla, no aire e na auga que bebemos, desde Padrón ata mesmo as conserveiras da Arousa, afecta a espazos da Rede Natura 2000, con

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

especies en perigo de extinción, afecta ao Camiño de Santiago, 366 hectáreas das que 250 estarán pavimentadas, 10 veces ENCE, 250 millóns dos Fondos da Unión Europea que piden, piden cartos da Unión Europea, que se non, que non a fan, 46 millóns de litros de auga ao día so encoro de Porto de Mouros, eso non estaba ao principio,antes das eleccións, curiosamente, 30 millóns de litros de auga que verterá tratada pero contaminada ao río Ulla, contaminada e co proceso que significa as papeleira, hidróxido de sodio, de ácido sulfúrico, sulfuro de hidróxeno..., evidentemente, moitas destas substancias, dilúense e evapóranse, pero outras respiraríamolas nós, entón, eu creo sinceramente, para non afondar moito máis nas bondades que para uns, parece que esto vai a arrecender a rosas e para outros decimos e defendemos e vámonos a sumar a todas aquelas defensas, para que esto no vaia a diante, non nos envelene a auga, porque aínda seguen dicindo que a auga vai a saír moito mellor, eu non sei , como non pensan da empresa que poden facer auga potable a través dese novo proxecto tan novedoso.

Eu, simplemente quería ensinarlles que é benvida a alegación que fai o alcalde de Dodro, aínda que non lle fixera caso ao BNG, pero agradecemos, pero evidentemente, miren, hai 20 mil alegacións presentadas, 20 mil alegacións presentadas ao proxecto, simplemente 20 mil alegacións para o proxecto que está en exposición pública de impacto medioambiental, e virán máis, pero hai máis titulares que ao mellor non sen nin na Voz de Galicia, nin El Correo Gallego, nin nos diarios de máis tirada, ou non saen en pois por exemplo na Radio Televisión de Galiza, ao mellor non sae, pois que o terreo para ALTRI, non permitía o uso industrial, eso tamén é un titular que está aí e acabo con outro titular non menos sorprendente, di " ALTRI admite que o Río Ulla, non podería depura a produción de celulosa", esto está publicado, e a última xa, que ten que ver coa saúde, pero que evidentemente non lles interesa ao que defende esta moción. Médicas, relacionan as comisións de ALTRI, perdón as emisións de ALTRI, con doenzas respiratorias."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vamos a proceder á votación."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Dará un turno de peche."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, Si."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Gracias. Bueno, vou a empezar polo PSOE, que dicía que o presidente da Xunta de Galiza mentía, porque había falado de catro mil empregos e resulta que son 2.500, mire, a inversión é de 1 millón de euros e estímase que teña unha capacidade para xerar catro mil empregos na súa construción e eso, o presidente da Xunta de Galicia explicouno perfectamente, na construción de ALTRI, empregaranse catro mil empregos, e despois, habrá sobre 2.500 postos de traballo cualificados para a súa posta en funcionamento, tanto directos coma indirectos, entonces, antes de acusar a alguén de mentir, terá que ler mellor.*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Non hai variacións do proxecto, non é verdade o que din de que o proxecto foi cambiado dende o 2022 ata o de agora. Dende o primeiro momento, fixéronse públicas as características principales, chega con ir á hemeroteca e comprobar as características de antes e as de agora, o que pasa é que a vostedes, como cambiaron de opinión, interésalles decir que o proxecto é outro.

En canto a Unidade Veciñal, mire, vostede leu o proxecto?, vostede leuno?, sabe cantas hectáreas fan falta para que se instale?, como vai a vir para as Brañas?, sabe as hectáreas que temos nas brañas? E que o que di, que vai todo, non é un diálogo, como di o señor alcalde, o que di é todo un bulo, non? Bueno traiga para a Brañas, como si lle dicimos que a traian para a miña cas, é a misma película.

Mire, o BNG, pódemo dicir por que no ano 2022 votaron a favor desto no Parlamento?, pódeme dicir por que solicitaron a súa instalación na Mariña?, quere que lle enseñe a súa moción presentada mo Parlamento decindo que era un gran avance para Galicia e que eso debería de ir para a Mariña Lucense, mire, presentárono vostedes no Parlamento o día 27 de abril do 2022, quere que lle pase unha copia? Mire, e logo di que ENCE, que bueno, e máis grande, que produce máis, mira a planta de ENCE ten máis do dobre de capacidade de produción de pasta soluble do proxecto Greenfiber na sua primeira fase e dun 25% máis incluso, na fase final do proxecto, o que pasa é que o BNG, algo ten aí con ENCE, bueno, sóame que algo ten con ese tema, volvemos a dicir que o das augas envelenadas, que dicía aquí o de Unidade Veciñal, mire as augas vanse a devolver tratadas.

20 mil alegacións, fala vostede, 20 mil alegacións, home si, 20 mil alegacións xa escritas, 20 mil alegacións, dixo el, 25 dáme igual, xa escritas por vostede, donde so había que poñer o nome e firmar, como as que están entregando no centro de saúde, pero non se preocupe, legalmente, teñen que ser todas contestadas. O que si debería vostedes ter en conta , é que 20 mil alegacións son máis dos votos que vostedes obtiveron nas últimas eleccións municipais, nada máis que dicir, señor alcalde."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, agora vou eu dicir unha cousa tamén, simplemente, cando o portavoz do Partido Socialista de Galicia, non acusou ao presidente da Xunta de Galicia de mentir, acusouno de decir o que dixo , de ir baixando números, pero vou a darlle a vostede un dato, acabo de anotalo aquí nun minutiño, vostede fala de catro mil empregos na construción da factoría de ALTRI, vostede sabe, que en Palas de Rei, catro mil empregos na construción da factoría de ALTRI, vostede dixo así, non dixo así?, acaba de decilo aquí vostede."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non, e que eu pensaba que nas mocións o peche o tiña quen a presentaba."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" O alcalde si, nas mocións e nas preguntas, si, si, claro que si, pois léase vostede o regulamento, non lle gusta, pois mire... Sabe, o paro en Palas de Rei, é de 94 persoas, un 7,4%, en Antas de*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Rei é de 63 persoas, un 8,69, en Castro de Rei é de 99 persoas un 4,77, en Outeiro de Reis 132 persoas, un 5,58, en todo caso, esta xente habería que preguntarlle se aos concellos deste, si estes concellos queren que catro mil persoas que non son as súas, vaian a traballar aí, en todo caso, creo que os alcaldes dos concellos que estou decindo, non están de acordo coa instalación de ALTRI e por algo será. Vamos a proceder á votación da moción se lles parece."

Procédese á votación

Votacións:

Votos a favor: 2
- 0 BNG
- 2 PP
- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Unidade Veciñal de Dodro
- 0 Xente de Dodro

Votos en contra: 6
- 1 BNG
- 0 PP
- 3 PSdeG-PSOE
- 2 Unidade Veciñal de Dodro
- 0 Xente de Dodro

Abstencións: 3
- 0 BNG
- 0 PP
- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Unidade Veciñal de Dodro
- 3 Xente de Dodro

Estado: Non aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda a adopción do dito acordo.

12. MOCIÓN DO PSdG PSOE DE UNRWA

Retírase da orde do día

13. MOCIÓN DO PP DE PROTOCOLO DE ACTUACIÓN SOBRE O ACOSO

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"Dª. Mª Soledad Boga Grela, como Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Dodro, e ao amparo do disposto no regulamento orgánico municipal do Concello de Dodro, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

MOCIÓN

A historia das condicións legais de traballo é, polo xeral, unha historia-aínda non concluída- de melloras para as persoas asalariadas. Porén, non se pode negar e existencia de intrahistorias dramáticas, de padecementos ocultos derivados de acosos ou hostigamentos sistemáticos que teñen a súa orixe nas relacións interpersoais que se desenvolven en calquera organización -sen menoscabo das causas directamente relacionadas coa organización do traballo ou co desenvolvemento do mesmo-. O certo é que, aínda presumindo a boa fe e as calidades humanas en todos os empregados públicos, unha organización de traballo nunca é un espazo inmune ao xurdimento de conflitos interpersoais nos que poida fraguar un desequilibrio no trato entre membros da organización.

Os acosos ou comportamentos hostís poden expresarse de formas moi diversas, e non só teñen graves consecuencias persoais para as vítimas senón tamén para as propias organizacións de traballo.

Tanto a Constitución como as leis que a desenvolven –incluído o propio Código Penal, que se ocupa dos ataques máis graves a bens xurídicos como a da dignidade persoal- lembran a necesidade de establecer medidas de prevención eficaces e de definir procedementos axeitados para resolver os casos de acoso que poidan xurdir. E neste sentido cabe advertir que contar cun Protocolo de actuación resulta fundamental. Falamos dun protocolo que ofreza un criterio e mecanismos para definir e identificar casos de acoso, que sexa útil para previr e reducir situacións de risco, que estableza un procedemento de actuación, etc.

E por todo iso polo que o grupo Municipal Popular no concello de Dodro lle propón ao Pleno da Corporación municipal o seguinte **ACORDO**:

Instar ao Concello de Dodro para que inicie os traballos para elaborar e aprobar nun prazo razoable e coa participación da representación sindical, un Protocolo de actuación pare previr e responder á situacións de acoso de calquera tipo que se puideran dar no concello.”

Procede a continuación o voceiro do Partido Popular á lectura da moción.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz do Partido Socialista de Galicia.”*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *“A principios deste ano, xa se lle trasladou á empresa de riscos laborais, a Qualitis, a concesionaria do servizo, que iniciara a elaboración do protocolo, que agardábamos tela neste primeiro semestre, non foi posible, e bueno, adiantarlle tamén que o grupo socialista vai a apoiar esta moción.”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz de Xente de Dodro.*"

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, eu non deixaría ás galiñas ao coidado do raposo, pero bueno. Deixar a elaboración dun protocolo de acoso laboral a este goberno, pois, creo que non é o máis axeitado. Por outra banda, cando se produciron no Concello de Dodro, feitos que entrarían na órbita do acoso laboral, vostede púxose de costas, non fai falta ter un protocolo de acoso laboral para tomar decisións sobre feitos que poden supoñer un acoso laboral.*
O protocolo de acoso laboral, obriga, tanto a empregados, como a cargos públicos e pronto terá vostede oportunidade para posicionarse e comprobaremos entón canto lle importa a vostede o acoso laboral. Pois ao decir dalgunhas persoas, tampouco é vostede precisamente o exemplo de loita contra o acoso laboral. Nada máis."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:*"Si, nós estamos totalmente a favor de este protocolo, ao mellor xa se tiña que haber feito antes, cando gobernaba o PP, polo que se ve aquí, o portavoz de Xente de Dodro, que non é unha alusión, o portavoz de Xente de Dodro acaba de decir que non fai falta protocolo, pero bueno, eu creo que si, que xa se podía haber feito fai tempo.*
Creo que haberá algún tipo de protocolo feito da Xunta de Galicia, que se poda levar aos concellos sen ningún tipo de problema, pola nosa parte, nos imos a votar a favor."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si, nós tamén, sorpréndenos porque sabíamos que aínda que non haxa un protocolo estritamente, así como pide a moción do Partido Popular, entendíamos que si cando pasa algo, que ninguén o espera, pois que se actúe, e eu creo que o Concello de Dodro actuou, é sorprendente, curiosamente que cando fala de que os cargos públicos, deben ser os que máis exemplo dan, o que hai pouco foi o portavoz do Partido Popular, Valentín Alfonsín, pois esa falta brilla pola súa ausencia, dirixíndose como se dirixiu ás traballadoras de Servizos Sociais, eu creo que fágase , cando realmente falamos de protocolo e fágase mirar o de cargos públicos, que non soamente é vir aquí e empezar a largar todo o que pase pola súa cabeciña, hai que ser un pouco coherentes,ou polo menos intentalo ser. Nós por suposto, pese a que entendíamos de que si, había unha resposta por parte do Concello a estes casos, vamos a apoiar, para que haxa como dicía en algún momento, creo, o corpo da moción, resposta a calquera tipo de acoso que se poida dar en este ámbito, asi que imos a apoiala."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular, turno de peche."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Turno de peche. E*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

no turno de peche, voulle a contestar soamente ao portavoz de Xente de Dodro, que descoñece totalmente o que é un protocolo de acoso, pero totalmente, e ademais, vou a intentar ser educada, vou a intentar ser educada. Di vostede que terei oportunidade de manifestarme nun protocolo, pero con eso que quer dicir, que vostede vai a traer algunha cousa aquí e se lle votamos a favor, entonces estamos de acordo. Mire, o que non pode dicir aquí abertamente, desa maneira, é que eu non son un exemplo de, vostede non me vai a dar clases a min do que é un protocolo, do que é precisamente Servizos Sociais, o que tiña que calar a boca é vostede, voulle a dicir simplemente unha cousa, e mirándoo aos ollos, vale? Acoso é mandarlle a alguén que lle poña un café, e como lle dixo que eso non estaba dentro das súas funcións, acto seguido despediuna, eso é acoso. En 16 anos, señor Alfonsín, tiven a oportunidade de ver moitas cousas e algunha xente valemos máis polo que calamos que polo que dicimos. Nada máis que decir."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vale, vale, por favor , manteñan a orden, manteñan a orde. Por alusións vou a acabar eu, estou un pouco cansado das alusións, sobretodo das súas. Xa me estraña, señora Boga, xa me estraña, por favor señor Alfonsín, estou a esto de expulsalo da sala, xa me estrala señora Boga, que o señor Alfonsín , non sepa algo de algo, porque o sabe todo de case todo, entonces a min estráñame que vostede a estas alturas se de conta deso.*

Segundo, acoso laboral, é curiosa a intervención do señor Alfonsín, porque é absolutamente vergonzoso, o único elemento, o único político, o único tipo es estivo aquí, que levou ao xulgado a traballadoras do Concello, é vostede, pero recentemente, recórdolle, ten vostede unha cara especial, ten vostede unha cara especial, e o que máis pena me dá é que ten vostede dous compañeiros sentados ao seu lado, a súa dereita e a súas esquerda, que non o coñecen para nada, que lamentablemente, a min , acaeríame a cara de vergonza de estar sentado ao se lado, un tipo coma vostede que denuncia e leva aos tribunais a dúas traballadoras do Concello, fai catro días, para nada, ven agora a contarnos que vostede é o defensor do acoso. Bueno, vostede é un auténtico... non o quero dicir, por favor, que queda recollido en Acta. Vamos a proceder á votación da moción."

Procédese á votación.

Votacións:

Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro
Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro
Abstencións: 3
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta

Estado: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

14. MOCIÓN UVD SOBRE SENDA PEONIL IGREXA DE LAÍÑO

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

“Rebeca Rial Diz, e Xoán Xosé Vicente Franco como concelleiras da Unidade Veciñal de Dodro na corporación municipal do concello de Dodro, someten a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello de Dodro ten varias vías de comunicación fundamentais para o seu desenvolvemento.

Unha delas é a CP-3302 que pertence a Deputación da Coruña. No seu tramo desde Tallós ate a aldea da Igrexa de San Xián de Laíño de apenas un quilómetro e medio de longo existen instalación de diferente tipo frecuentadas por gran cantidade de persoas:

-Biblioteca Municipal.
-Casa do Concello.
-Oficinas de Servizos Sociais.
-CPI Eusebio Lorenzo Baleirón.
-Casa do Regadío , esperemos que axiña en funcionamento.
-Igrexa de San Xián De Laíño.
-Cemiterio Municipal de San Xián de Laíño.
-Centro de Día.
-Campo de fútbol de Chenlo.
-Unitaria de Chenlo.

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Na pasada campaña electoral fomos varios os partidos, entre eles o PSOE, que levamos no noso programa a senda peonil dende o edificio do concello ate a igrexa parroquial de San Xián de Laíño transcorrendo paralela ao vial da deputación DP- 3302.

Aos poucos meses de estar no goberno tivemos unha reunión o concelleiro de obras e mais eu mesmo co delegado de vías e obras da deputación da Coruña no que acordamos a realización dun proxecto que foi asinado en xaneiro de 2022 por parte da empresa "Estudio Técnico Gallego" chamado "Mellora seguridade vial na DP-3302" e que debería estar en posesión do actual goberno. Neste proxecto contémplase a retirada do trafico das curvas entre o cemiterio e o campo de fútbol e a realización dun novo vial desde a capela da Virxe do Leite ate enlazar coa rotonda da autovía.

Dende a Unidade Veciñal de Dodro sempre estivemos a favor de iniciar unha primeira fase dende o edificio do Concello ate a igrexa parroquial e deixar o novo vial para mais tarde ou como non preferente.

Ante todo o anterior a Unidade Veciñal de Dodro propón o seguinte

ACORDO:

-Solicitar a Deputación da Coruña a construción da senda peonil da DP-3302 entre o edificio da Casa do Concello ate a igrexa Parroquial de San Xián de Laíño."

Procede a continuación o voceiro de Unidade Veciñal de Dodro á lectura da moción.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Dicirlle ao voceiro de Unidade Veciñal, que todos cometemos algún erro, non? Pero ao final ,pono ben, non é CP-3302 é DP-3302, pero bueno, ao final púxoo ben, e a carretera é DP-3302, está ao principio. Bueno, a todo eso, dicir, lembrando unhas frases, do de aquela alcalde, agora exalcalde do Concello de Dodro, exvoceiro do Partido Popular, agora voceiro de XD, que dicía algo así, moito nos gusta que ,neste caso non sei si era dirixido a un chaval, creo que de Unidade Veciñal, que apoian as propostas que facían o Partido Popular, que levaban no seu programa electoral.*

Dito esto, decir que , xa no ano 2019, non se apunten o tanto no 2023, que si, que o levaban no programa do Partido Popular, ou no Partido da Unidade Veciñal, e decir, que no 2019, sa o PSdeG-PSOE, deste concello, xa levou eso no tema, nas propostas que facíamos para levar nas eleccións, o programa electoral. No programa electoral, dicíamos, queríamos que debía ser a vía de comunicación esta, dende o Concello ata a Igrexa de Laíño,unha senda, consideramos que rea

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

moito máis usada que a que solicitara daquela o Partido Popular e que se fixo, a través da AC-305, moito mellor.

Como ben dicía tamén o voceiro de Unidade Veciñal, si que é verdade que fomos á Deputación, unha das viaxes que fixemos, acompañounos, non sei, un acompaña a un e outro acompaña ao outro, solicitando ese tema, a partir de aí, viñeron uns anteproxectos, proxectos, e houbo máis reunións ca Deputación e tíñamos un practicamente definitivo e nos indicaron que estudarían unha primeira parte e de Tallós á Igrexa de Laíño e que pensaban facer unha variante desde alí máis ou menos onde está a antena de telefonía por detrás de igrexa e do cemiterio e vindo a dar aquí, onde está a Casa do Regadío, para continuar con este trazado. Independientes os dous proxectos, a nós nos parecía ben , e máis tendo en conta, qu e nos deixarían o tramo desde o Muíño do Vento ata a Capela, deixaríano como vía urbana , despois de acondicionalo, e si que fomos así, fomos pedir. Bueno, a todo eso, máis documentación para aquí e para alá, aquí teño un montón de proxectos dese índole, veu, daquela o deputado era Pequeño, e agora é Mónica Rodríguez a encargada deso, en unha visita que fixo aquí ao Concello e lle expuxemos outra vez o tema e moi ben, foi comprensiva e a cousa, solicitamos outra vez unha visita nosa, o alcalde e máis eu, á Deputación para levarlle o, digamos, outro anteproxecto para entes de ser definitivo, que dicía que non estaban completos, alí nos recibiron ,de novo, esta foi recentemente, nos recibiron de novo e nos indicaron os pros e as contras que había e levar a valoración estaba a valoración do que podía custar desde Tallós á Igrexa de Laíño, a senda. Hai dous treitos, unha no Muíño, en fronte de onde vivo eu, onde vivo eu hai un muíño, entón a patrimonio parecía ser que é difícil que acepten eso, e despois está o tema do PXOM, e logo que os técnicos da Deputación da Coruña, en contra dos de Pontevedra, non queren esas zonas de convivencia, chámanlle eles zonas de convivencia, entón propúxoselles esto que quedaron de estudar e valoralo, estaba valorado eso, e logo, con respecto á segunda parte que ian a tomar, tamén hai un anteproxecto que viña saír, ven saíndo, non á Capela, se non, que viña saíndo aquí, entre Muronovo e o colexio, quedando para o Concello, esta vía de Tallós á Igrexa, e eso é todo o que lle podo indicar de como está agora. Agora, como ben sabe a vía actualmente é da Deputación e a Deputación diranos o que temos que facer.

Cando queira, pode ver os aqueles que están a disposición de todos, calquera concelleiro, non só eles."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, dicir que se nos presenta aquí unha moción para tomar un acordo para apoiar un proxecto que soamente coñecen vostedes, porque nós o proxecto ese, desde logo que non o coñecemos, aínda que foi o primeiro proxecto que anunciou o señor Castro na anterior lexislatura, durante catro anos, non houbo absolutamente ningunha outra noticia, eso si, lles parece a vostedes moi importante este proxecto, á vista do que acaba de decir o señor Abuín , pois nin sequera está definido, co cal, esta*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

moción non ten moito sentido, pero é que é máis, tivo vostede que deixar o goberno, para agora reclamar algo que puido facer durante catro anos.

Se o proxecto, segundo vostede, estaba asinado e xaneiro do 2022, que fixo vostede durante os seguinte case ano e medio que estivo no goberno señor Vicente? A que se adicou? Porque apoiou vostede os proxectos de hormigonado?, porque consentiu vostede aprobou vostede o proxecto da senda de mobilidade? Si este é realmente máis importante?

A verdade é que esta moción á vista do que aquí agora se acaba de dicir, carece de todo sentido."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *" Home a nós preocúpanos moito a seguridade da veciñanza, a bueno, é un proxecto moi ambicioso, evidentemente, pero cos carios que podería costar este proxecto, pódense facer moitas cousas en Dodro, e si lle damos prioridade as cousas que Dodro necesita, pois poderíamos arranxar, pois por exemplo, o polideportivo que é algo que bueno, que ata que nos caia encima a todos , ou simplemente unha pequena parte, ocupala pois para limpar as cunetas, e así a xente non ten que ir andando pola carretera, eso entre outras cousas, non?*

Propoñémoslle que modifique esta moción e que se solicite á Deputación que pague o arranxo so polideportivo, que está o teito a caer dun momento a a outro."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Eu estou un pouco sorprendido por algunhas declaracións. Nós vamos a apoiar calquera tipo de senda, de calquera tipo de beneficio, que redunde na veciñanza de Dodro, hai outras melloras para moitos eidos, do que é o noso humilde concello, pero cre que esta é unha delas, o BNG ve, como dicíamos en outro punto en este Pleno, a xente que vive en Dodro, que como min, goza de Dodro, este sería un motivo como outros, para seguir gozando de Dodro, polo tanto o BNG, cre que hai que ir por ese camiño de pular, para termos, nin máis nin menos que, un Dodro sostible e un Dodro para que todo o mundo o poida gozar. Quen vive en Dodro, sábeo, quen non vive en Dodro, evidentemente, non lle interesa."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas, un turno, señor Vicente."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"En canto ao portavoz do PSOE, non nos deixou claro se vai a apoiar a moción ou non. Eu creo que a moción, presentarlla na Deputación, ao mellor fai que acelere*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

un pouquiño máis os traballos e darlle para diante á senda peonil.

En canto á voceira do Partido Popular, a proposta é solicitarlle á Deputación da Coruña, a construción da senda peonil da súa carretera, esto non lle custaría nada ao concello de Dodro, esto non impide facer outra cousa, incluso a cuberta ao pavillón tamén, pódese facer perfectamente con outro tipo de subvención.

E bueno, os comentarios do portavoz de Xente de Dodro, xa escuso de respostarlle, porque evidentemente, nós cando estivemos no goberno, desde a Unidade Veciñal de Dodro, fíxose todo o posible, que estaba nas nosas mans, para que este proxecto se levara a cabo, evidentemente, nós non tíñamos a concellería de obras e fixemos o que puidemos mentres estivemos no goberno, evidentemente, máis non puidemos facer, nós éramos concelleiros do que éramos e dentro da nosas posibilidades, fixemos todo o posible. Nada máis, simplemente se agora sairemos de dudas de si o PSOE apoia esta moción."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señor Vicente, polo que vexo o meu portavoz, o portavoz do Partido Socialista, non se explicou en absoluto, non.*

O que lle viña dicindo o señora Abuín, era que basicamente, nos parece moi ben que presente unha moción sobre algo, no cal o Partido Socialista desde o ano 2019, leva peleando porque se faga. Faltáballe unha serie de cousas para que explicara o resto.

Temos un orzamento da obra de 722.000€ que independentemente de ser aprobados pola Deputación, que é a que efectivamente financiaría, son 722 mil euros, que facilmente chegarían aos 800.000 coas expropiacións. Estamos falando de unha obra, que a deputación para gastar 800 mil euros ou un millón, nós estamos presionando con múltiples reunións á Coruña, con viaxes incluso da deputada de obras e servizos, Mónica a a alcaldesa de Vimianzo, fixo ao noso concello, un par deles. E está, xa lle digo, nas mesas dos técnicos da Deputación, este orzamento, con debuxos, con fincas, as que serían afectadas por expropiación, porque para facer unha senda, a normativa de sendas, inclúe, que deben de ter 1,80 ao redor da carretera, e entonces, como moita parte da carretera, como moi ben dixo si, non se podería facer unha senda de 1,80, por exemplo, na zona por exemplo da igrexa e máis por exemplo, na zona do muíño aí en Tarrío.

A parte deso, es estradas novas da Deputación, as de nova creación, teñen que ter sete metros e medio de ancho, polo tanto, estamos falando dunha obra importante que levamos peleando, xa dixo, Moncho si que o dixo bastante ben, o portavoz, o voceiro, dende o ano 19. Evidentemente vamos a votar a favor, pero xa lle digo, non facía falta que a presentara, que estamos a esto e estamos traballando exactamente igual que no ano 19, no 20, no 21 e no 22, nesa dirección, e claro, se vostede fora concelleiro de obras, na anterior lexislatura, o resultado sería basicamente o mesmo, porque a Deputación, non sacou nese ano 800 mil euros para fecer esa obra. Se vostede consegue oitocentos mil euros da Deputación da Coruña para unha obra destas para o Concello, non se preocupe

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

que ven comigo cando eu vaia á Coruña o próximo día. Digo que se o problema é ir á Coruña, ven vostede comigo e xa vemos se o conseguimos. En todo caso imos a votar a moción."

Votacións:

Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro
Votos en contra: 3
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro
Abstencións: 2
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

D) Control do goberno:

15. ROGOS E PREGUNTAS

Rogos escritos

Non hai

Rogos orais

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Xente de Dodro, ten algún rogo vostede? Orais porque escrito non hai ningún."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Si teño un rogo. Nos podería explicar, xa que fala vostede fai uns momentos de sentencias e acusa sin xustificar, esas acusacións á miña persoa. Mire, pode vostede*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

confirmar que o concello de Dodro, foi recentemente condenado por non respectar os dereitos laborais dunha persoa?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eso é unha pregunta, non toca aquí. Portavoz so Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si nó temos un rogo oral. Varios veciños do Piñón de arriba, en Lestrobe, solicítannos que lle pidamos ao Concello que poñan unha señal de calle sen salida, porque parece ser que algunha vez, confúndese alguén, sube ata alí e chegan ao final e bueno, cústalles da a volta."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, pois tomamos nota, pero gustaríanos que os veciños viñeran a pedila ao concello porque agora mesmo, no Piñón en Lestrobe podemos poñer unha señal, que eu coñezo perfectamente, de calle sen salida, que si non me donde, estamos aoi principio do rogo."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"No Piñón de arriba donde acaban de arranxar esa calle."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Ah, vale moi ben, pois toma nota, gracias polo rogo. Algún rogo máis señora Boga?"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"En non."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal, algún rogo?."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Si, eu teño dous.*

O primeiro é que no Regulamento orgánico Municipal, no artigo 58 que pon debate de estado do Concello, di literalmente " Con carácter anual, durante o primeiro trimestre, realizarase unha sesión extraordinaria do Pleno dedicada ao debate so estado do Concello", non sabemos o motivo polo que non se convocou, xa que foi pedido anteriormente, durante o primeiro trimestre por algún grupo político. Rogamos que se convoque un Pleno extraordinario, para debater o estado do Concello, antes do primeiro semestre, xe que antes do primeiro trimestre, tal como reza o regulamento, non convocaron ningún."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois moitas gracias, tomo nota. O segundo."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Desde fai máis de dous meses as fontes da aldea de Bexo, a Rechenla e Chan de Viña, non teñen auga, non sabemos se o Concello ten constancia da avaría e rogamos que se arranxe canto antes, esperemos que no próximo Pleno que dea conta do arranxe das fontes tamén."*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Entendo que esto é unha pregunta."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Non é un rogo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Ah, pois tomamos nota do rogo. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego, algún rogo?"*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si, temos un rogo para que se mellore o que é a páxina web e a retransmisión dos Plenos, que está un pouco atrasado ese campo."*

Preguntas escritas

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Tomamos nota dese rogo, o da transmisión dos Plenos hoxe está funcionando, temos esperemos que se manteña sí. Pasamos ao apartado das preguntas, van primeiro as preguntas escritas. Aquí decir que o Bloque Nacionalista Galego, presentou tres, pero non poden entrar neste Pleno, porque non cumplen, non estaban, non acabaron de chegar, é un problema, non sabemos de que parte foi, pero un problema no rexistro, fixo que non estiveran para ser incluídas no Pleno de forma escrita, vostede si quere, despois cando sexan as orais, escolla unha e as outras dúas páseas para o seguinte Pleno, se lle parece. E despois hai preguntas, a primeira que temos aquí creo que é a de dona Marisol Boga Grela, creo que están aquí, nós puxémola por un orden de chegada, por favor, cando queira."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Na aldea de Bexo no Quinteiro de Abaixo en máis dunha ocasión ten quedado atrancado algún camión de alta tonelaxe xa que o GPS indicáballes a ruta mal.*

En repetidas ocasións dende fai máis dun ano varios/as veciños/as teñen solicitado no concello que coloquen unha sinal de límite de peso para que non volva a acontecer esta situación, incluso chegándose a comprometer o alcalde en colocala de forma inminente.

Polo cal preguntamos,
Teñen pensado colocala nun corto período de tempo ou van esperar á seguinte lexislatura?E tráiolle unha foto do último que quedou atrancado aí."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, pois mire, como contestación á pregunta vou facer un ante, vou facer unha explicación da pregunta.*

En repetidas ocasións, desde fai máis dun ano, os veciños teñen solicitado no concello, é mentira, non temos constancia, non hai nin unha sola pregunta, nin unha sola tal, a primeira noticia que teño é a que vostede fai trasladar, esta. Nin

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

eu me comprometín a ninguén, nin a nada, eu non me cheguei a comprometer con nada, nin a colocala de forma inminente, nin tardía in nada, primeiro punto.

Segundo punto: Primeira noticia que teño é a da súa pregunta e segundo, foto agradézolla, incluso pudo habela axuntado, en todo caso, o tema de modificar o GPS, vainos resultar complicado que nos modifiquemos o GPS e que a xente, e vamos a poñer unha señal de máis de 3.500 quilos, ne entrada de , non sei de donde, non sabemos se entrou por detrás ou por diante, pero bueno, non se preocupe que intentaremos poñer razón onde pensamos que non a hai. Pero xa digo que para nada."

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"A min foi o que me trasladaron."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Seguinte pregunta."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nosa?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Na acta da Xunta de Goberno do 10 de abril, aprobáronse varias facturas relacionadas a publicacións en redes sociais, prensa, etc.*

Unha vez analizadas ditas facturas vemos que o concello paga ao ano máis de 17.000€ para que outras persoas lles redacten as notas de prensa, publicacións en redes sociais, anuncios na radio, etc.
Concretamente pagan mais de 6.500€ a unha persoa para que faga publicacións nas redes sociais e redacte notas de prensa.

Paga máis de 9.500€ á Voz de Galicia por inserciónns de publicidade neste periódico e no comarcal.
E tamén paga máis de 1.000€ entre publicidade na radio e subscricións para poder ler o periódico no concello.

Máis de 17.000€ para facer bombo do que non se fai!

Polo cal preguntamos,

Teñen previsto algunha partida máis para gastar nestes servizos ou parécelles suficiente?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señora Boga, vou a empezar tamén coma antes. Mire, 17.000 ao ano, tendo en conta que a partida máis gorda, como vostede ben dixo, deixouna aquí feita o Partido Popular no ano 19, cando nós chegamos, que era un contrato coa Voz de Galicia, para unha serie de anuncios.*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Segundo, vostede suma en eses cartos, os pagados á Voz de Galicia, anuncios feitos por exemplo, polo PEL, polo Plan de emprego local e anuncio feitos polo Concello, polo feito de ser un Concello, polo feito de funcionar.

Terceiro punto, con 17.000 euros, co que se aforra este goberno en minoría, entes de que o diga ninguén xa o digo eu, en sueldos e salarios, aínda non vamos tan mal, contando que cando vimos aquí, había o mesmo ou algo máis, en todo caso, xa lle digo que non, que nos parece suficiente.
Seguinte pregunta."

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Dende fai anos o concello de Dodro facía unha homenaxe a todas as persoas centenarias do concello no día do seu cumpreanos.*
Dicimos "facía" porque nos últimos meses deben estar moi ocupados e non teñen presente á veciñanza que celebra o seu centenario.

No pasado mes de abril unha veciña da aldea de Revixós, onde reside a concelleira da área, cumpriu 100 anos e ninguén do equipo do goberno tivo o detalle de tan sequera felicitala.

Polo cal preguntamos,
Cal é o criterio que seguen para felicitar a uns veciños/as si e outros non, ou é que a media xornada do alcalde non alcanza para acordarse de todos?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esta vámoslla a contestar a dúo. A primeira parte a responsable de Servizos Sociais e a segunda parte, eu."*

María Teresa Batalla Romero, concelleira do PSdeG-PSOE: *"Boa tarde, o Concello de Dodro, ten o costume de agasallar aos veciños e veciñas que cumpren cen anos, claro que si. Outra cousa é que a actual concelleira de Servizos Sociais, que son eu, non teña a dedicación necesaria para atender da forma que me gustaría, estes eventos, xa que ademais de manter o meu traballo fóra, estou a dirixir un departamento moi complexo neste Concello. Cousa que vostede, que dispoñía dunha dedicación completa, podía facelo de outra maneira.*

Por certo, recordar neste Pleno Municipal, que os concellos non dispoñemos de acceso ao Padrón Municipal para comprobar as datas de nacemento dos veciños e veciñas.

A veciña de Revixós que cumpleu 100 anos, no m es de abril, aproveito para felicitala aquí publicamente, Felicidades Julia!, ademais da idade, o seu delicado estado de saúde, farémoslle chegar un detalle conmemorativo, xa morreu logo? dime que non fai falta..."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Xa está, agora vamos a contestarlle. O alcalde, non ten media xornada. O alcalde ten unha dedicación parcial, vale? O alcalde ten unha dedicación parcial, dígoo porque a media xornada do alcalde, non é media xornada, é parcial, hai xornadas miñas moi*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

largas, moito máis de media, unha e cuarto, e outras que non podo vir, por eso digo, que é moi importante que quede claro, non teño media xornada, teño dedicación parcial.

Seguinte pregunta, que segundo nos consta aquí a nós escrita é a de Unidade Veciñal."

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Si, bueno, esta pregunta voulla a facer igual, estivemos a punto de retirala, porque claro, vimos as resolucións da Alcaldía o luns, o martes e aínda, e a pregunta estaba xa rexistrada, de todas formas, voulla a facer, xa sabemos a resposta, xa sabemos que pediron unha subvención ao Fondo de Cooperación Local de 60 mil euros, e que o Concello vai a poñer 20 mil, que pretenden arranxar a cuberta co 80 mil euros aproximadamente, había antes, a última que se pedira era de 180 mil, eu soamente voulle a dar, voulla ler agora xa, pero voulle dar un dato, a cuberta do local social de de Imo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esto é pregunta? Dígoo porque elas despois van a ter que redactar vai en Acta e non sei se esto é pregunta é antepregunta..., digo porque esto vai en Acta."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: "*Agora leo, leo agora.*"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esto vai en Acta ou non? Porque, eu dígoo porque a Acta do Pleno despois vai a ser así un pouco lío, non? S son escritas, son escritas, eu agradezo que ..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Si non consta en Acta, simplemente que o sepa a xente que o local social de Imo, valeu 58 mil euros, a cuberta nova totalmente. Agora procedo a ler a pregunta:*

No pleno anterior de marzo o alcalde deu en conta ao pleno a solicitude dunha subvención para o arranxo da cuberta do pavillón municipal.

A día de hoxe non temos constancia de que se aprobara en ningunha Xunta de Goberno Local ou resolución da Alcaldía dita petición de subvención a ningún organismo ou administración pública.

Ante todo o anterior, pode dicirnos en que Xunta de Goberno ou resolución da alcaldía se aprobou a petición de subvención?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si xa o dixo vostede ao principio, vai a constar en Acta."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Pois nada, pasamos á seguinte."*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Eu como concelleiro da área de obras e outras máis, decir que non foi da Xunta de Goberno, que foi unha Resolución de Alcaldía. Solicitouse unha subvención do Fondo Adicional ao Fondo de Cooperación Local, destinado a concellos con poboación inferior a 15 mil habitantes 2024, e foi para a mellora enerxética da cuberta so polideportivo, entonces a valoración do proxecto ten un orzamento con IVE incluída de 79.818,76 euros, asinado en 13/03/2024, entón solicitouse a subvención á vicepresidencia do couso, e volvo a dicir que a achega do Concello é do importe solicitado, 60 mil euros, tería que poñer o Concello 20 mil, dezanove mil oitocentos dezaoito, e aceptamos expresamente as condicións de financiamento e eso é o que lle podo dicir en torno ao polideportivo.*"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gacias. Seguinte pregunta."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Dende a Unidade Veciñal de Dodro, xa vimos insistindo na necesidade da mellora do camiño de acceso a Teaio dende a Cruz do Abelán pois é unha das aldeas que non ten un viario adecuado de acceso e ademais tamén se beneficiaría a aldea de Bustelo pois tamén acceden por este camiño.*

A través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural existen as axudas destinadas a ampliar, acondicionar e conservar a rede de camiños de titularidade municipal de tódolos concellos de Galicia, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes, de evitar o seu despoboamento e de recuperación da terra agraria de Galicia, chamado "Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025" e que o goberno de Dodro solicita habitualmente para reparar camiños de acceso a aldeas.

Sabendo que este camiño dende a Cruz do Abelán ate Teaio cumpre todas as condicións das actuacións subvencionables segundo a resolución do AGADER no seu artigo 4 punto 2 que di:

Que sexa de titularidade municipal

Que facilite o acceso, en calquera punto do seu trazado, cando menos a dúas parcelas agrícolas.

Ante todo o anterior, ten previsto o goberno a mellora do camiño de acceso a Teaio e comprométese a incluír este acceso no próximo ano 2025?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vai contestar o voceiro, o concelleiro de obras e servizos."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Indicarlle que AGADER ten unhas bases específicas para cada convocatoria e cambiantes duns anos para outros. Lembrarlle que este último ano, volveu máis ao antigo, é dicir, de camiños parcelas agrícolas, hai unha subvención concedida para dous viarios , un en Lestrobe e outro en Bustelo con zahorra e logo, en*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Pexegueiro, uns regos asfálticos, na que vai de Pexegueiro a Formarís.

Sen embargo, o ano anterior, xe era dun núcleo de poboación a unha vía principal, que se fixo a de Rialiño a Traxeito, entón xa se ve o carácter cambiante. Logo é limitado no seu orzamento cun máximo de 40 mil euros , 40 mil euros para facelo en quente dende a Cruz de Avelán á entrada de Teaio, non chegan nin para a metade.

Eso por un lado, primeiro esperemos a que saian as bases do 2025 eu e tamén este grupo socialista, estamos interesados en arranxar eso, igual que nombra aquí tamén a de Bustelo, pero tamén temos un presuposto do de Bustelo, Bustelo supera os 300 mil euros, 350 mil euros e temos o orzamento xa con nós, eso é o que podo dicir disto."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, seguinte pregunta de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"A Solicitude de praza para o alumnado que solicite posto escolar por primeira vez no curso 2024/25 nas catro escolas do CRA de Dodro rematou o 20 de marzo.*

Non se puxo en marcha o programa de madrugadores que foi aprobado fai case un ano neste pleno municipal que facilitaría a conciliación municipal as familias, e que esperamos que para o vindeiro curso se poña en marcha e se lle dea a difusión correspondente como se fai habitualmente con todos os servizos municipais, aínda sabendo que xa vai tarde.

Non se fixo difusión pública do prazo para a solicitude de praza no CRA, aproveitando a potencialidade das redes sociais municipais.

Sabe o goberno municipal con que alumnado conta oficialmente cada escola para o vindeiro curso, a falta da formalización da matrícula?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Mire vostede, di vostede algunha inexactitude non me atrevo a dicir por que, porque efectivamente, teño aquí , o concello de Dodro, si que non fixo publicidade do Programa Madrugadores, será ao mellor por modestia, e está funcionando dende o curso pasado no CRA, todas as escolas que cumprían certas condicións, se puxo a disposición dos pais o servizo de madrugadores, hai unha escola que o ten en funcionamento dende o ano pasado.*

Segundo, no tríptico que editou o CRA, que teño eu aquí diante,e en varias publicacións do CRA en Instagram, dice que "el Plan Madruga :8:30- 9:30." Outra cousa é que o concello de Dodro, ou o equipo de goberno estea anunciándose dicindo fago esto, fago esto, fao esto, fago esto. Bueno, pois ao mellor é un erro, pero en todo caso, os pais sábeno, as familias sábeno e o CRA e o CPI fan publicidade do servizo.

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

E dígolle máis, Bexo, 8 alumnos, Laíño, 9 alumnos, Vigo , 8 alumnos e Lestrobe que volve a peligrar, 5 alumnos a data de hoxe, aínda non están formalizadas as matrículas."

Preguntas orais

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Seguinte pregunta." Non hai máis preguntas escritas. Agora empezan as preguntas orais. Voulle a dar o primeiro ao Bloque Nacionalista Galego, porque presentou as tres anteriores escritas, sen chegar ao Concello ao rexistro, entón que decida e que faga a que lle pareza."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:*"Grazas, nós vamos a meter unha que estaba, bueno, que como dixo o alcalde, non puido entrar, relativa ao local municipal de Lestrobe, que iniciado , no pasado mandato, a adquisición dun ben para o local municipal de Lestrobe, pregúntannos os veciños e agora llo transmitimos ao goberno de Dodro, como está o proceso de adecuación dese inmoble para o goce da nosa veciñanza."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois vamos a intentar consignar algo, pero como ve vostede, en cada Pleno que celebramos , se solicitan inversións en pista, Teaio, casa do Regadío, pavillón polideportivo, estamos tendo unha de 80 mil, de 70 mil, non chegan porque queremos unha de 180 mil, o orzamento do concello de Dodro, sabémolo todos, é moi limitado, son dous millóns entre quiñentos, dous millóns setecentos mil euros , pronto me gustaría iniciar unha contratación que vai a custar setecentos mil euros por ano que é o SAF e que practicamente hipotecaría as inversións do concello de Dodro para os vindeiros anos .*

Comuníquelle vostede aos veciños de Lestrobe que a prioridade deste alcalde sería esa, pero bueno, non vai a resultar fácil. Por certo, decir tamén que as finanzas do Concello, estanse resentindo máis do que alguén pensa, polo tema do custe do SAF, pero bueno, eso cando chegue xa chegará.
Preguntas orais, portavoz do Partido Socialista de Galicia, que creo que ten unha."

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si teño unha alcalde. Recentemente nas Redes Sociais, publicado pola Xente de Dodro, por XD e logo compartido tamén polo Partido Popular, se dicía de que , se gastou uns cartos, podía dicirme en que partida foi cargada os gastos xudiciais desa... de espionaje, ou non sei como lle chaman, de alí Muronovo?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Imaxino ao que te refires a unha publicación que foi publicada por unha demanda interposta, por un, ademais de alcalde, particular e veciño do Dodro, contra unha serie de xente . Esa demanda, evidentemente, foi interposta por ese particular e veciño de Dodro, pagada por ese particular e por ese veciño de Dodro, non foi costeada con cartos públicos, a pesar do que di o Partido Popular nunha publicación, en donde eso podería*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

acusarme a min de malversación de caudais públicos, esa publicación, porque se me acusa a min de pagar con cartos públicos un pleito privado.

Por favor, aproveito a pregunta de Moncho para que quede claro que as publicacións feitas, hai que pensalas un pouqiño. Se me acusa nesa publicación de, creo que malversación , non? Ou algo así sería o delito, porque sería pagar un pleito privado con cartos públicos. Bueno, pois por favor, prégolle ao Partido Popular que revise, eles tamén, pero a idea, todo o mundo aquí fala de máis, pero gracias Moncho, pola pregunta e así queda aclarado. Algunha pregunta máis?"

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"No."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro, ten vostede dereito a una pregunta, ou a tres si lle ceden."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Tres preguntas."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, si."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, dicíase antes, o señor Vicente dicía que según eu non era necesario o protocolo de acoso laboral. Bueno, unha vez máis, e que non sei si eso é manipulación ou mentir directamente, eu nunca dixen que non fora necesario o protocolo de acoso laboral, simplemente dixen que nunca deixaría a cargo deste goberno a elaboración dun protocolo de acoso laboral, pero bueno, tampouco Nuñez Feijoo lle deixa a Sánchez elixir aos xueces do Consello do Poder Xudicial, tampouco pense vostede que este é soamente o único, en todo caso lle vou dicir, e para contextualizar a pregunta, mire..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor, manteñamos a calma que é difícil."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"É para contextualizar a pregunta, eu nunca mentín e dixen o que non era, nunca, nin piloto aéreo, nin cousa parecida."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esa é a pregunta?"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Estou contextualizando, nunca fun condenado nin suspendido nas funcións, como algún concelleiro si o foi. Nunca fun condenado por estafa..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Mire, vamos a ver, señor Alfonsín como a pregunta non teña nada que ver con eso..."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"O concello de Dodro foi condenado por non respectar os dereitos fundamentais dunha traballadora, de aquí, do concello de Dodro, si ou non?"*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non me consta."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Non lle consta, ah vale!Pois xa llo faremos constar, faremos que lle conste. Seguinte pregunta."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *No , non pode facer a seguinte pregunta, porque quen lle di que faga a seguinte pregunta son eu."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Vale, teño tres preguntas."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Seguinte pregunta , portavoz de Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"O día 25 de xaneiro, este concelleiro solicitou o expediente de obra que se está facendo na aldea de Vigo, ese escrito entrou ás doce da mañá, ás dúas da tarde, entrou por rexistro, un escrito solicitando permiso para esa obra e todo apunta a que a letra era manuscrita do señor Abuín, entonces queriámoslle preguntar se ten costume vostede de solicitar licencias ou permiso de obras para os seus amigos, despois de que teñan iniciada a obra e despois de que os concelleiros soliciten o expediente?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias polo pregunta, será contestada no próximo Pleno."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Siguiente pregunta, contratou vostede un arquitecto do concello de Vilaboa, que solo botou dos meses, arquitecto que eu tamén coñezo, porque estivo traballando aquí e que durante a súa estancia aquí se formou com arquitecto e incluso fixo cursos de urbanismo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Neses dous meses?"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Non neses dous meses non, no tempo que estivo traballando durante a lexislatura da que fun alcalde. Mire, ten algo que ver que este arquitecto que iba a durar máis tempo solo durara dous meses, ten algo que ver que fixera un informe no que dicía que as obras na igrexa de San Xulián de Laíño, deben estar suxeitas a licenza?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non, non tren nada que ver."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Pero o informe está."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Xa acabou vostede as tres preguntas."*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Vale."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias, portavoz do Partido Popular, ten vostede algunha pregunta oral?"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, mire. No Pleno anterior presentamos unha pregunta escrita, por unha incidencia que había con varias veciñas de Dodro, que debido ao cambio de ultima hora do Concello, da Fin de semana de mulleres, pois tiveron que escusar a súa asistencia. O alcalde, bueno e non se lle devolveron os cartos, claro, o alcalde contestounos que habían quedado traspapelados uns expedientes en Servizos Sociais e que por ese motivo non se lle pagaran. A pasada semana volvéronme a preguntar que pasaba con eses cartos e fai un ratiño, recibo un WhatsApp dicíndome : acabo de pasar polo concello de Dodro e hai moitos coches, non te olvides de preguntarlle ao alcalde, cando van devolvernos os cartos. Entonces, eu pregúntolle, cando lle van a devolver os cartos a esa xente porque xa pasaron dous meses e son 25 euros a cada unha?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois é unha pena, polo súa parte, pola parte desa veciña, que non o presente de forma escrita, mais que cada dous meses pola súa boca, eu a verdade é que non estou pendente de que se lle devolva veciña por veciña, porque non sei cal delas, porque eran varias, non sei si se lle devolveron cinco e queda unha, non sei si eran seis e faltan tres, o se, se falta... prégolle que no seguinte a veciña se dirixa ao Concello, oor sede electrónica, en man, ou como sexa, que me imaxino que será reembolsada, tampouco sei si queda ela sola, si hai un erro na conta corrente, non o sei, agora mesmo, como comprenderá, voulle dicir que esperaba que estiveran devoltos e non sei, pouco máis podo dicirche. Seguinte pregunta."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, bueno, íamos a preguntar polas fontes de Bexo, que na Rechenla de Chan de Vila que están sen auga, pero visto o que o portavoz de Unidade Veciñal, xa preguntou por unha delas."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"El non preguntou, el fixo un rogo, el non preguntou, de feito non se lle contestou, entonces, vostede se quere pode preguntar"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Para non repetir a pregunta, vamos a facer outra.*

Queríamos saber si i equipo de goberno, ten pensado instalar esas torretas no campo de Chenlo, que o concelleiro de obras, nos dixo no mes de novembro que se ian a instalar xa, e si son coñecedores de que veciños de Dodro, están arreglando o campo todos os días, porque ó Concello, nin se lle ve, nin se lle aparecen?"

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A ver, xa dixen no punto, que punto?, no punto catro, dación en conta de asuntos varios, o estado no que se encontraba esa contratación, esa contratación, sufriu un problema, porque a pesar de ser, é curiosa, a pesar de baixar o precio de maneira interesante e intelixente, todavía houbo xente que o baixou máis, de feito, temos a duda de si é desmesurada a baixa, o cal xenera, como vostede debe saber moi ben, porque gobernou este Concello durante oito anos, facendo ben, como o estamos facendo nós, xenera unha cantidade de documentos e de expedientes , de consultas e de informes, a ver se esa baixa é razoada, e por dicirnos máis, tiñan que estar feitos e postos. Nas condicións que se nos están dando , confiamos en resolver na próxima semana, así que nos chegue o informe dos técnicos, para que valoren se a baixa é temeraria, si creo que estou bastante ben, e a partir de aí, se lle dará a esa empresa ou ás seguintes e teñen dous ou tres meses, non sei agora mesmo exactamente o tempo que teñen, para executala obra. Estamos encima deles, facendo un auténtico esforzo, e que os veciños de Dodro, non sei en calidade de que, están facendo traballos... non, ,non, pois ao mellor o Concello, pode asumir o que pode asumir. Igual son directivos de Dodro que o Concello..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, pois non sei que veciños son. Teremos que ter coidado, teremos que botalos igual de alí, porque están facendo traballos en sitios públicos e despois igual temos unha responsabilidade que non queríamos. Teremos que darlle unha volta a esa información. Gracias por dicila. Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Nós temos dúas preguntas orais.*

Actualmente estanse desenvolvendo as actividades do chamado Obradoiro dual de emprego comarca do Sar, de xestión compartida entre os concellos de Rois, Padrón e Dodro, realizando nestes momentos obras en Padrón dende hai uns meses e parece ser que seguirán neste mesmo concello. Considerando que este tipo de obradoiros son para a formación sos alumnos inscritos no mesmo, tamén se benefician os concellos coas obras que se realizan. Sabe vostede cando, ou se se van a a facer as actividades programadas en Dodro, ou máis concretamente na aldea de Castro, no entorno do Hórreo do Arco e do seu lavadoiro?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Nós neses obradoiro dual, presentamos unha serie de obras, que son dúas ou tres obras que esperamos que este ano dea tempo, porque se establecen unha serie de prioridades e ao final, a veces pasa, que se demoran moito unhas e non chegan ás nosas."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Ás de Padrón dan tempo sempre."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, pois... en todo caso,*

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

temos unha serie de obras que son, buenos, dicímosllas para o seguinte Pleno, están incluídas nese obradoiro, no mesmo expediente, nós incluímos unha serie de obras."

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"A ver, xa quedou pendente do anterior obradoiro."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pero é que non se pode facer porque hai outro tipo de problemas, pero bueno, xa lle diremos exactamente que obras incluímos. Entendo que está preguntando polo obradoiro de obras, non?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"O de obras."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Contestamos na próxima, que foi o que dixen ao principio. Resumindo."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Teño outra, a última.*

No lugar de Mesoute, en Imo, onde está instalado unha granxa de porcino, sen actividade desde fai varios anos, estanse a levar a cabo varias obras, como: a realización dun muro de contención, balsa de lodos, de aproximadamente 700 metros cadrados, e obras varias dentro da propia instalación, todo indica ques se pretende iniciar a actividade nos próximos días.

Logo de solicitar no Concello vista e copia do expediente de inicio de actividade, solo existe unha licencia de obra e outra de actividades molestas, insalubres e nocivas e perigosas do ano 1971, si actualizar, despois do traspaso do propietario. É necesario a súa renovación, como moito cada cinco anos.

Non existe plan de xestión ambiental nin plan de evacuación de residuos, nin moito menos estudio de avaliación do impacto ambiental. Ten constancia o goberno desta situación?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non. Temos unha licencia de obras, unha solicitude de licencia de obras, dunha comunicación previa dunhas obras menores, que están valorando os técnicos a data de hoxe, é o que podo dicir. Tomaremos nota desa pregunta e enviaremos alí aos técnicos do Concello. Non hai máis preguntas, moitas gracias a todos por vir, ás once menos vinte."*

16. OUTROS MEDIOS DE CONTROL DO GOBERNO LEGALMENTE ESTABLECIDOS

Non hai ningún a tratar.

Ás 22:40 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia,

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Dodro, documento asinado dixitalmente
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

CVD: IJ+LBLB6egm26Xg9mB2K
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.